MEMORIA PARLAMENTARIA DE

# D. JOSÉ ALONSO LÓPEZ

## A súa contribución á formación do Estado liberal

ROSA Mª GABRIELA DE-CAL Y CORTINA





CADERNOS ATENEO FERROLÁN
ANO XVI - Nº 14 - 1999

*José Alonso López (Ferrol 1763 - 1824) foi un dos deputados máis notables nas Cortes de Cádiz, deixando nelas o mellor de si mesmo. Canto propuxo, prosperase ou non, foi dictado pola razón, polos seus grandes coñecementos do saber humano e polo desexo de rachar coa vasalaxe que lles unira ó Estado Absoluto.*

# MEMORIA PARLAMENTARIA DE

# D. JOSÉ ALONSO LÓPEZ

## A SÚA CONTRIBUCIÓN Á FORMACIÓN DO ESTADO LIBERAL

Rosa Mª Gabriela De-Cal Y Cortina

Ferrol, Novembro 1999

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Ó maior de meus fillos.
Pedro Fraga De-Cal
que, cando estas liñas
escribía, cumpría os 20 anos.

Ateneo Ferrolán

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

MEMORIA PARLAMENTARIA DE

# D. JOSÉ ALONSO LÓPEZ

A SÚA CONTRIBUCIÓN Á FORMACIÓN DO ESTADO LIBERAL

**ATENEO FERROLÁN**
Rúa Magdalena, 202 - Ferrol

Texto: Rosa Mª Gabriela De-Cal y Cortina

Corección Lingüística e traducción: Margarita Souto Fraga
Luís Calvo Teijo

Deseño e Maquetación: José Villar Corral

Imprime: LUGAMI. Artes Gráficas (Betanzos).

I.S.B.N.: 84 - 920260 - 7 -3

Depósito Legal: C-2574/99

# SAÚDA

*Unha vez máis, atopámonos con esa cita anual dos Cadernos do Ateneo Ferrolán, cumprindo con ese compromiso de aportar algo a esa recuperación da memoria histórica, tan necesaria no futuro dos pobos.*

*Antes de nada, dicir que, no Ateneo Ferrolán, estamos moi satisfeitos de mante-la continuidade, obrigada en calquera proxecto de futuro, aínda que estamos a falar do pasado. Para garantir esa continuidade, temos que falar dese recoñecemento, cara a tódalas persoas que veñen colaborando, dun xeito totalmente altruísta, palabra que ás veces soa dun xeito caduco ou obsoleto. Non no noso caso, desde logo, e moito menos no caso de escribir sobre algo xa acontecido, ou sobre alguén que vai servir para espertar nos socios do Ateneo e de Ferrol, en xeral, un certo interese polo noso recente pasado.*

*Ferrol ten para os ferroláns, en xeral, un certo cariño, unha certa paixón por todo o noso que vai máis aló do simple chauvinismo, pois non queda en que todo o noso é o mellor. Ese amor ó noso e ós nosos pensamos que é selectivo, no senso de que o ferrolán oriéntao cara a feitos e personaxes nosos que deixaron a súa impronta, que no seu tempo marcaron os aconteceres dalgún xeito.*

*Así sucedeu co persoeiro que hoxe nos toca tratar, Alonso López. Primeiramente, dicir que, fóra do coñecemento popular de que "debeu de ser alguén, para que unha rúa leve o seu nome", levámonos unha grata sorpresa cando, hai cousa dun ano, Rosa De-Cal, nos falou -na presentación do Caderno de Quintanilla Martínez, feito pola súa neta, Blanca-, dos liberais de Ferrol, no século XIX e, deste personaxe en particular, do cal nós tiñamos un "aquel especial", por lembrar un traballo proposto por Martínez Salazar e premiado, no Ateneo de 1904, sendo presidente Balás y Silva.*

*Foi unha tarde moi especial, oimos falar a Rosa do seu especial cariño polos liberais ferroláns, e que isto levounos a "encomendarlle" a tarefa de resumir nun traballo, para os nosos Cadernos, os moitos folios (que ten como colchón) que falan desa época. Meses máis tarde, a propia Rosa De-Cal confesaríanos a súa total impotencia para levar a cabo ese compromiso adquirido connosco, e explicounos o porqué.*

*Cando estaba metida de cheo desenvolvendo a nosa encomenda, atopouse co deputado ferrolán nas Cortes de Cádiz de 1812, Alonso López, e non foi quen de ceibarse do seu interese por tan interesante personaxe, quedando, como se estivera "enganchada" á historia deste home, gracias a quen -como ben nos explica Rosa no seu libro- hoxe, nesa norma xeral de convivencia, que é a Constitución, contamos co xuramento de respecto e acatamento dos poderes, fórmula, con máis ou menos variacións, no seu texto, introducida por Alonso López nas Cortes de Cádiz.*

*Isto é o que nos chama grandemente a atención, ese mirar, ese pensar aberto á toda humanidade que, como imos vendo nos Cadernos anteriores -Concepción Arenal, Quintanilla Martínez, Antonio Soto...-, semella ser unha constante nos homes de Ferrol e o que nos axuda a seguir nesa teima de recupera-los nosos persoeiros e a nosa historia.*

*Non queremos entretervos máis, posto que vos agardan unhas páxinas moi interesantes e uns momentos de lectura moi agradables. Deixámosvos en compañía de Alonso López.*

***Ateneo Ferrolán***

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

I .- INTRODUCCIÓN.

II .- CAPÍTULO PRIMEIRO: A TORTUOSA VIAXE A CÁDIZ.

1. Breves apuntamentos cronolóxicos.
2. A invasión francesa e a nova configuración organizativa en Galicia.
3. Os primeiros deputados galegos.
4. O compromiso da Xunta galega co seu representante.
5. En Cádiz, a 28 de agosto de 1810.

III .- CAPÍTULO SEGUNDO: NA ILLA DE LEÓN.

1. Os prolegómenos dunha Constitución liberal.
2. Emerxe o Estado liberal.
3. A primeira e precaria división de poderes.

IV .- CAPÍTULO TERCEIRO: SOBRE A NECESIDADE DE ABOLI-LOS SEÑORÍOS.

1. A danza de Rexentes.
2. Alonso López, un consecuente abolicionista.
3. A razón política e a abolición de señoríos.
4. Resposta ós que avogaban por mante-los señoríos.
5. De como se recibiu esta norma en Galicia.

V .- CAPÍTULO CUARTO: SOBRE A NECESIDADE DE QUE NON SE GRAVE MÁIS O ERARIO.

1. Alonso López e o bo goberno.
2. A fábrica de moeda de Xuvia.
3. Contra a exhibición e o luxo en tempos de guerra.
4. Sobre a necesidade de evitar no posible a extracción de diñeiro.

VI .- CAPÍTULO QUINTO: SOBRE A NECESIDADE DE ARRANXA-LAS CONTRIBUCIÓNS.

1. Que é a Facenda o alimento do Estado.
2. O sabio arranxo das contribucións.
3. O alivio dos contribuíntes: desestanco e concerto económico.
4. A supresión do voto a Santiago
5. Os despropósitos dun sistema de rendas

VII.- CAPÍTULO SEXTO: SOBRE COMO CONTRIBUIR A UNHA CONSTITUCIÓN LIBERAL.

1. Os xustos e benéficos fillos da patria
2. Do xeito de formarse as Cortes.
3. Os vicios dunha Administración polisinodial
4. O que consulta dubida e aquel que aconsella afirma
5. A recta administración de xustiza
6. Evita-la arbitrariedade na suspensión de dereitos recoñecidos pola constitución
7. Concellos constitucionais ó servicio dos cidadáns
8. Os primeiros en xura-la constitución
9. Os membros do Consello de Estado.

VIII.- CAPÍTULO SÉTIMO: SOBRE A NECESIDADE DE CUMPRI-LO ACORDADO.

1. Victis, redis in precordia virtus
2. Impaciencia en tempo de crise

IX .- CAPÍTULO OCTAVO: OS CORPOS DE ALARMAS CONTRA A ESCRAVITUDE DOMÉSTICA.

1. Milicia popular e revolución liberal.
2. Alonso López e os corpos de alarmas.
3. A Coruña, último trimestre de 1812.
4. "In crescendo" o temor á volta da tiranía

X .- EPÍLOGO PARA LECTORES CURIOSOS

1. As penurias dun deputado.
2. A súa inxente obra escrita.
3. Alonso López no Trienio Liberal.
4. Alonso López, o home
5. De como remata esta historia.

XI .- BIBLIOGRAFÍA

XII.- APÉNDICE DOCUMENTAL

# I INTRODUCCIÓN



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

**MEMORIA PARLAMENTARIA DE JOSÉ ALONSO LÓPEZ**
**A súa contribución á formación do Estado liberal.**

## I. INTRODUCCIÓN

1.- Podo dicir con toda franqueza que levo bastante tempo planeando este traballo, esperando iniciar un proxecto que está dando voltas na miña cachola e que, por razóns tan prosaicas que non paga a pena o seu recordo, non foi posible materializalo.

Sempre recoñecín a miña extrema debilidade á hora de admirar cantos personaxes se cruzan polos meus estudios, aínda que sexa de forma marxinal, pasan os meses e, cando atopan un espacio no disco duro da miña mente, algúns volven á miña vida como se tiveran existencia propia e xa non son quen de loitar contra eles: caio rendida ós seus pes e póñome mans á obra sen remedio.

Coñecín, en sentido figurado claro está, a José Alonso López cando estaba realizando a miña tese doctoral e ocupou algúns folios daquel traballo, cando quixen destaca-la presencia do galego nas Cortes de Cádiz. Pero, non é menos certo, que outros moitos compartiron, con este infatigable ferrolán, tempo e lugar e, sen embargo, non me deixaron unha pegada tan profunda. José Alonso López era una gran romántico, tamén un gran liberal e, quizais, porque era o paradigma desa extraordinaria mestura que se produciu a principios do Século XIX, nunha España enfervorizada de bos desexos, chegoume tan fondo a súa romántica forma de facer política liberal.

Sen dúbida iso foi o que máis me seduciu do personaxe. Poñamos un contrapunto, Larra, o meu admirado Larra, enchía de romanticismo os seus papeis, desbordados por aquela pluma extraordinaria. Tamén tivo algún coqueteo político -foi proposto como Subtenente da Milicia Urbana de MADRID [1] anos despois, en 1836, sería deputado por Ávila nas listas do partido de Istúriz, escano que nunca chegaría a ocupar porque se cruzou no seu camiño o Motín da Granja- pero será sempre recorda-do polo seu extraordinario talento literario. Non é o caso de Alonso López, todo o seu romanticismo volcouno en apostar, incluso a súa propia vida, no empeño de deseñar un modelo de Estado que, partindo do Antigo Réxime, desembocara no constitucionalismo. ¡Que ingrata tarefa, a de querer cambia-lo mundo, cando o mundo non desexa ser cambiado...!

A súa fin tamén terán a similitude do sublime. Larra morre o 13 de febrero de 1837, cando só tiña 28 anos, ¿suicidouse por amor ou morreu de dolor por España...?. Alonso López morre o 26 de decembro de 1824, cando contaba 61 anos, co amargo sabor do fracaso e da intolerancia: por dúas veces viu cómo a liberdade ganada con sangue se perdía derramando máis sangue diante dos seus ollos impotentes. Larra condenado a dicir o que os demais non querían escoitar; Alonso López, condenado a anhelar un cambio que moitos outros non desexaban. Cando morren, en febreiro do 37 e en decembro do 24, ambos estaban mortos moito antes da data que os levou á sepultura.

... e GOYA, fiel testemuña de canto ocorreu deixou nos seus cadros reflectida aquela España que doeu ata a morte a Larra e a Alonso López.

2.- Sen máis armas que a súa formación e orixes ilustrados e a propia crenza nun liberalismo tinguido de romanticismo, chegou desde Ferrol a Cádiz, tras unha tortuosa viaxe, e alí entregouse con paixón á tarefa de defender unha Monarquía decadente crendo que podería converter a Fernando VII nun Rei Constitucional. O tempo encargaríase de demostra-lo errado que estaba, pero a ética do seu comportamento xa é historia e a estética da súa vida é a crónica do propio liberalismo.

3.- Nos debates parlamentarios, que concluirían coa aprobación da Constitución de 1812, tivo unha interesantísima participación xeralmente pouco apreciada ou, o que aínda é peor, ignorada, abandonada ós cartafoles que dormen nalgúns arquivos, se facemos excepción da meritoria obra de BALÁS SILVA. Segura como estou de que alí deixou o mellor de sí mesmo, é esa faceta a que quero resaltar, a súa figura de parlamentario e, con isto, a súa contribución á formación do Estado liberal, naquel Cádiz das Cortes, cando creu que era un home libre, un cidadán emancipado nunha España que loitaba por seguir sendo independiente.

[1]. *A proposta non recibirá o correspondente referendo oficial, pero o símbolo é irrepetible: romanticismo, liberalismo, constitucionalismo unidos na figura deste extraordinario observador do seu tempo. Vid. "La Milicia Nacional" de J.S. Pérez Garzón, ed. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid 1978, p.p. 397. O mesmo autor e na mesma obra destaca que xa o pai e o avó de Larra aparecen alistados na Guardia Cívica no alistamento de 1812 polo Cuartel de Palacio. Vid. op. cit., p.p. 64.*

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

Escribo este traballo sen ánimo exhaustivo, só para rememora-lo seu sentimento liberal e o amor á terra que o elixira como o seu representante.

Nunha reciente conferencia do prof. GONZÁLEZ MARIÑAS manifestaba éste, coa súa habitual lucidez, cómo o sentimento nacional dos galegos ponse en evidencia, fundamentalmente, na unión coa súa terra. José Alonso López é niso un galego á usanza tradicional, en Cádiz seguía pensando en Galicia, con tal forza que encheu o seu ánimo dunha extraordinaria grandeza en medio das penurias que lle tocou en sorte vivir, asemade que contribuía a crear unha España nova.

Procurei reproduci-las súas intervencións literalmente, coa grafía da época, que é especialmente sorprendente no que se refire á acentuación das palabras. Como se escribiron no seu tempo así as reproducín, porque non deixa de ser un contraste e un achegamento ó español dos primeiros anos do século dezanove.

Observará o lector que son moito máis comprometidas e valiosas, para aproximarse ó pensamento político de ALONSO LÓPEZ, as súas memorias ou exposicións que as propias proposicións que presentou na súa etapa de parlamentario constituínte; por iso, a pesar da súa extensión, reproducinas íntegras xa que, na súa maioría, só se poden atopar nos diarios de sesións das Cortes de Cádiz.

4.- Imposible non agradecer a aqueles que me animaron e axudado materialmente a reconstruír este espacio da nosa historia parlamentaria. En primeiro lugar, ó meu infatigable "*asesor cibernético*", o prof. Fraga López da Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña, que non por se-lo meu home deixou de se-lo meu mestre nestas lides, a súa paciencia é tan digna de encomio como pouca é a miña habilidade para usa-los modernos sistemas de tratamento de textos. Nesta ocasión tamén contei coa inapreciable axuda de José Villar Corral, o continente deste caderno débese á súa extraordinaria capacidade e gusto para o deseño informático.

No podería deixar de mencionar á dirección e persoal do Arquivo do Reino de Galicia, que con tanto desinterese me axudaron a traballar cos fondos alí depositados. Un recordo especial á miña querida Conchita García García, que foi o meu enlace infatigable.

Ó meu estimado amigo e compañeiro Andrés Pena Graña, débolle agradece-la lectura e os comentarios do orixinal sobre o que tantas veces debatemos nas nosas conversas. A súa xenerosidade e benevolencia é sempre reconfortante.

A miña gratitude a Guillermo Llorca Freire, quen me facilitou a copia que manexei da Memoria de D. Emiliano Balás Silva "*Noticias bibliográficas sobre el polígrafo ferrolano D. José Alonso López*" que é, sen dúbida, a obra que máis simplificou o meu traballo.

Na Biblioteca Municipal de Ferrol consérvase o exemplar que utilicei da súa obra principal e non podo menos que recoñecer que as miñas compañeiras Carmen Porta, Ángeles Roca e Loly foron os meus ollos cando perdera o rumbo bibliográfico.

Por último, agradecer ó Ateneo Ferrolán esta oportunidade que non é miña, senón de Alonso López, porque ben merece que os seus paisanos o recorden e quizais que algún se anime a enche-lo baleiro en tantos temas como quedan inéditos sobre a súa persoa e obra. Foi o empeño de Luis Calvo o que me obrigou a recompoñer tantas notas soltas e ganduxalas ó trasluz da miña admiración por quen deu todo a cambio de nada. Imperdoable sería non recordar a Pilar, que coida con esmero unha biblioteca única chea de libros e de vigas de castiñeiro.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

# II A TORTUOSA VIAXE A CÁDIZ



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

## II. CAPÍTULO PRIMEIRO

### A.- A TORTUOSA VIAXE A CÁDIZ

1. Breves apuntamentos cronolóxicos.Non desdeño, en absoluto, a biografía de Alonso López, moi pola contra, paréceme digna de todo aprecio pero é tema alleo a esta obra e que excede das miñas modestas pretensións. Pero non podo deixar de destaca-la miña sorpresa polo escaso interese que este personaxe espertou entre os investigadores, ignóranse tantas cousas da súa vida que ás veces creín perseguir a unha sombra.

Non obstante, é preciso referir algúns dos seus datos persoais, que tan sequera me atrevería a chamar biográficos, senón mais ben cronolóxicos para ver a través deles un tempo, un lugar e un espacio: a España de finais do XVIII e principios do XIX.

Comezaremos polo principio: o seu propio nome. Atrévome a aventurar que a deformación que sufriu ata ser coñecido só como ALONSO LÓPEZ, quen se chamaba José Alonso López e Nobal ou José Alonso López, débese á ventura de ter unha rúa, non moi lucida por certo, na súa cidade natal, FERROL. Nas empinadas rúas que desde o porto de Curuxeiras levan ó centro de Ferrol, hai un rótulo modesto que indica que nos atopamos na "*Rúa Alonso López*". É posible que Balás e Vicetto tamén tiveran algunha responsabilidade nisto, pois na súa obra sempre lle chámanALONSO LÓPEZ. Chamémoslle, pois, como o coñecen os seus paisanos que sempre é timbre de honor para quen tanto amou a Ferrol.

De GONZÁLEZ MARIÑAS y BALÁS SILVA[2] tomo algunhas das referencias biográficas inevitables. BALÁS SILVA asegura que naceu o 2 de decembro de 1763[3], data de gran interese porque é ben sabido que o Ferrol moderno comeza a súa singradura a mediados do século XVIII, cando unha sabia decisión do Marqués de la Ensenada converte a FERROL no que ven sendo ata hoxe: unha cidade consagrada á construcción naval[4].

¡Que estraña fascinación exerce o mar naqueles que naceron terra adentro! Para este rioxano foi o fomento da nosa Marina o seu meirande empeño, ó que posiblemente tampouco fora allea a súa declarada anglofobia. A tese das cidades servicio, posta en marcha por Ensenada e apoiada pola Coroa, consistía en xerar un epicentro económico dotado da debida infraestructura urbanística, que servira de base ó asentamento de poboacións, esa foi a orixe do Arsenal de Ferrol. Ensenada non cedeu ata ver planificada a nosa cidade, e por iso en 1747, optou por traslada-lo Arsenal da Graña a Ferrol dando comezo a historia moderna desta cidade, na que pouco despois, en pleno ciclo de auxe económico, nacería ALONSO LÓPEZ[5].

Hai que destacar este feito porque viu a luz nun momento esperanzador para a súa cidade natal. Chega con lembrar que segundo datos do Catastro que o propio Ensenada mandou realizar en 1752, Ferrol compoñíase de 411 casas, incluidas as vilas de Canido e Recemil, coa seguinte evolución posterior:

Ateneo Ferrolán
fundado en 1879

| CIDADE | VECIÑOS EN 1760 | VECIÑOS EN 1787 |
|---|---|---|
| A Coruña | 2.054 | 13.575 |
| Betanzos | 908 | 3.508 |
| Lugo | 709 | 4.019 |
| Mondoñedo | 626 | 4.640 |
| Ourense | 773 | 2.961 |
| Tui | 903 | 3.987 |
| Santiago | 4.505 | 15.528 |
| Marín | 353 | 3.242 |
| Padrón | 938 | 3.043 |
| Pontevedra | 1.315 | 4.014 |
| Vigo | 697 | 3.434 |
| Ferrol | 3.207 | [6]24.993 |

*[2]. Vid. GONZÁLEZ MARIÑAS, P.: "Alonso López y el Ferrol de su tiempo". Ed. Ferrol-Análisis núm. 10 de 1996. Vid. de BALÁS SILVA, E.: "Noticias biobibliográficas del polígrafo ferrolano D. José Alonso López", Anuario das Tarefas do Ateneo Ferrolano no seu segundo curso, Ferrol 1905.*

*[3]. Aporta BALÁS en nota a pé de páxina unha reproducción literal da súa partida de Bautismo pola cal sabemos, ademais da xa indicada data de nacemento, que foi fillo de don Fernando Alonso e de dona María López, sendo bautizado co nome de Bernardo José Francisco Javier na Capela de San Roque. Ratifica o dito en parágrafos anteriores sobre o descoñecemento da súa persoa e obra o feito de que repetidamente se incorre en erros sobre a súa data de nacemento. Murguía sitúa o seu nacemento en 1856, na Enciclopedia Gallega afírmase que naceu o 2 de novembro, polo que este dato erróneo, dada a difusión da obra citada, repítese continuamente nas citas biográficas. Refire BALÁS que tivo dous irmáns, Antonio e Juan, chegando a ser este último Director do Gabinete de Física e Química do Real Palacio. Vid . op. cit., p.p. 109. É posible que o seu irmán Juan sexa o que figura na p.p. 497 da obra de CARLOS DE ARACIL "Documentación genealógico-nobiliaria del Archivo de Ferrol", ed. Librería do Campus, Ferrol 1999, na cal se engade que o marido ausente de Concepción Suárez é xenro de dona Josefa Cabezas. Na páxina 495 complétase a información cos nomes dos fillos do matrimonio Alonso Cabezas, José e Francisco que aparecen empadroados co calificativo expreso de nobres. Os erros sobre a,súa persoa chegan ó paroxismo cando un coñecido historiador, polo demais serio e rigoroso, di que Alonso López era deputado pola provincia de Cádiz. Vid. DEL MORAL RUIZ, J.: "Hacienda y sociedad en el Trienio constitucional 1820-1823", ed. Instituto de Estudios Fiscales, Madrid 1975, p.p. 30.*

*[4]. Sobre a influencia do Marqués da Ensenada, pódese ver de De-Cal y Cortina, R.Mª G. "El Marqués de la Ensenada", publicado en "Ferrol-Análisis" núm. 6 de 1994, editada polo Club de Prensa de Ferrol, p.p. 74 e ss.*

Expresivamente di ERIAS que: "*El estancamiento de Santiago, compartido por otras ciudades (Betanzos, Orense, Pontevedra) contrasta con el importante crecimiento de otras poblaciones urbanas (La Coruña, Vigo) y sobre todo con el espectacular y en cierto sentido anormal crecimiento de la villa de Ferrol, que a raíz del establecimiento en ella de los Arsenales Reales experimenta un brusco crecimiento sin precedentes en la historia demográfica gallega y arrebata a Santiago la primacía numérica que aún mantenía en la época del Catastro*"[7].

Aquel Ferrol será irrepetible: "*Ingenieros y arquitectos rivalizan con sus diseños ... se puebla de científicos, de marinos, de grandes matemáticos que llegan de todas partes. Se imponen nuevos criterios claros, fuertes y precisos, que vencen al antiguo Ferrol de los pórticos oscuros ... del Señorío de las Casas de Andrade y Lemos*"[8]. Esta nova e próspera vila de realengo será a que vexan os ollos dun ALONSO LÓPEZ neno e mozo que, con toda seguridade, fíxose sensible ó progreso, ó desenvolvemento da ciencia, ó coñecemento de personaxes que rivalizaban en competencia profesional, e esperanzado diante dun novo mundo cheo de luces. Os seus coñecementos de latín, francés e inglés, sen dúbida foron magníficos apoios na súa formación[9].

Nada de Ferrol lle era alleo, cando ós 23 anos ingresa na Armada como piloto, embarcando nas Fragata Paz (1787) e o Navío San Justo (1790), para ser destinado en 1792 ó Observatorio Astronómico do Departamento desde onde o 7 de maio de 1799 verá o paso de Mercurio polo disco do Sol e, que como ben di GONZÁLEZ MARIÑAS, "*parece toda una premonición de su prolífica y pasional obra científica posterior*".

En 1800 foi comisionado polo Arzobispo de Santiago, RAFAEL DE MUZQUIZ Y ALDUNATE, para levanta-lo plano xeográfico e estatístico da Archidiócese de Santiago. Obra inxente que realizou en tan só dous anos, polo cal é considerado como un mestre da cartografía, precursor de Domingo FONTÁN. A súa competencia de gran matemático xa era entón coñecida, chegando a formar parte do tribunal que xulgou os coñecementos matemáticos do "*primeiro sabio matemático galego de renome europeo*", José Rodríguez González[10]. Viviu e detallou para a Historia os acontecementos daquel ano en Ferrol, o desembarque dos ingleses en Doniños, o seu paso no noso chan, a súa retirada e reembarque[11].

En 1803, prosegue GONZÁLEZ MARIÑAS, foi designado Comisario da Inspección Xeral Camiños de Galicia e en 1808 Comandante de Enxeñeiros das Fortificacións da Ría de Ferrol.

O 3 de marzo de 1809 foi comisionado a Madrid como deputado das vilas de Ferrol e A Graña para prestar xuramento o Rei intruso, extremo que rexeitou, segundo refire BALÁS SILVA, "*lo que le obligó a huir de noche saltando la muralla de esta Plaza, llevándose consigo el plano de ella y el del Castillo de San Felipe...*"[12].

Fundado en 1879

Rondaba xa os 40 anos e, ademais da súa actividade científica, asimilara e levara ó máis fondo do seu espírito as novas ideas liberais que estoupaban como "*un aullido interminable*" -se se me permite a licencia literaria- por unha Europa en cambio.

As ideas de liberdade, igualdade e democracia crecen nunha Galicia que ve xurdir un relativo despegue

---

*[5]. Pódese ver de R.M.ªG. DE-CAL "Ensenada", en rev. Ferrol Análisis.*

*[6]. Eiras Roel, Antonio.: "Santiago de Compostela 1752, según las respuestas del Catastro de Ensenada", col. "Alcabala del Viento", ed. TABAPRESSS, Concello de Santiago y Centro de Gestión y Cooperación Tributaria, p.p. 8.*

*[7]. Eiras Roel A.: Opus cit, p.p. 9.*

*[8]. Vid. González Mariñas op. cit.*

*[9]. Vid. BALÁS SILVA, op.cit., p.p. 36 e ss. Os seus informes de servicio na Armada reiteran o seu amor ó traballo e a súa notable facilidade para as matemáticas, especialmente para a Astronomía. As operacións xeodésicas feitas polo alferez de fragata, D. José Alonso López, dos novente e seis pobos arredor de Santiago, foron utilizados por Felipe Bauzá y Cañas para completa-lo mapa de España.*

*[10]. Catedrático de Matemáticas desde 1797, en 1803 viaxou a Francia, colaborou con Arago e Biot na medición dun arco de meridiano e rectificou os cálculos matemáticos de Mudge. Posteriormente, realizou outra viaxe a Alemania onde traballou con Werner e Hauy, creador este último da Cristalografía, e da que rouxo unha importante colección de sólidos, co cal introduciu esta ciencia en España. Tamén nunha viaxe ó estranxeiro xestionou a adquisición definitiva do Gabinete de aparatos físicos da Universidade. En 1819 foi nomeado director do Observatorio Astronómico de Madrid despois de rexeitar o de San Petersburgo. Vid. "Los Gallegos", Madrid, 1976, p.p. 441.*

*[11]. Vid. de ALONSO LÓPEZ "Consideraciones generales ...", op cit., p.p. 95 e ss del tomo VI.*

*[12]. Vid. BALÁS SILVA, op. cit., p.p. 43.*

económico. As elites intelectuais galegas coñecían o movemento que estaba a xestarse en Europa, e ansiaban unha Galicia que, deixando atrás a súa vella estructura feudal, adoptara novos modelos sociais e organizativos[13].

## 2. A invasión francesa e a nova configuración organizativa en Galicia.

En 1808, data clave na nosa historia moderna, ALONSO LÓPEZ tiña 45 anos. Os franceses invaden o noso territorio e as vellas estructuras organizativas do Antigo Réxime amósanse inservibles diante dos novos acontecementos[14]. Para o noso personaxe a invasión

[13]. *A vantaxosa situación política e económica amparada polo Estado favoreceu, sen dúbida, un estado de opinión propicio ó debate sobre as vellas institucións galegas. E é que, certamente, en Galicia, desde a segunda metade do Século XVIII, coñecíase directamente a frenética actividade despregada e impulsada desde o Estado. Sen dúbida, o establecemento en Ferrol dos Arsenales Reales, foi a máis importante actuación pública xa que supuxo un impulso á nacente industria galega, contribuíndo a un despegue económico sen precedentes.*

*En auténtica progresión xeométrica, durante o último tercio do XVIII xa se consolidara nos sectores máis ilustrados da sociedade galega, unha clara toma de conciencia crítica sobre a necesidade de adoptar novos modelos organizativos, dado que a situación descrita, agravada pola patrimonialización dos oficios públicos e a escasa formación dos ocupantes dos mesmos, non permitían o desexado cambio nas estructuras de poder.*

*O que podía, en apariencia superficial, semellar unha estructura fondamente descentralizada, non era a finais de século senón o reducto dunha sociedade estamental que impedía calquera intento reformista.*

*Vive Galicia a centuria cultural máis brillante da súa Historia, como expresión dun mundo en expansión e dunha sociedade que alcanzara unha gran madurez intelectual. Sen ánimo de simplificar en exceso -dado que non é tema deste estudio- pero coa idea de poñer de manifesto a trascendencia que para o futuro de Galicia terá este movemento, pódense diferenciar claramente tres etapas:*

*- **Unha primeira etapa** iniciadora da chamada "xeración crítica", que aparece coa cegadora figura do P. BENITO JERÓNIMO FEIJOO Y MONTENEGRO. A sua aportación ó século das luces foi decisiva, non en van sentou as bases dunha reacción "optimista" que habería de desenvolverse en torno á idea de que a decadencia española era froito dun indesexable desfasamento histórico, das sombras e o oscurantismo que foran a constante da vida española de finais do XVII. "Airear" os nosos empoados costumes, abríndonos a Europa, era sen dúbida o que necesitaba un país que, por fin, gozaba dun período pacífico. Será unha presencia constante do noso pensamento político esta "razón europeísta", testemuña que tomarán, entre outros, MACÍAS PICAVEA, COSTA y ORTEGA.*

*De sobra son tamén coñecidas as súas duras críticas á nobreza ociosa e a sua adiantada valoración das persoas en función da sua utilidade social e non polo azar do seu nacemento.*

*A súa obra foi fielmente proseguida por FRAY MARTÍN SARMIENTO, menos universalista e máis apegado á realidade galega, quen destaca polo seu extraordinario celo por rescata-la lingua e a cultura galega, o que lle engade un matiz novo ó reformismo do século, "un especial afecto por Galicia e o galego como paradigma de espontaneidade e naturalidade fronte á malicia e amaneiramento da Corte... E, conseguintemente, unha posición de enfrontamento a Madrid, á Administración central polo seu descoñecemento dos problemas galegos, o seu afastamento, abandono e o seu abuso".*

*A pesar da admiración que sentía por Feijoo, este foi "un devoto seguidor do centralismo borbónico" e Sarmiento apreciou canto de abusivo tiña para con Galicia "o sistema tributario expoliatorio dos labregos galegos, o abandono da atención á pesca, a desatención e menosprecio da lingua galega, o propio sistema educativo, a invasión de "alienígenas" que copan a Administración en Galicia e que nada entenden dela ".*

*O contrapunto ó despotismo ilustrado dáo este clérigo benedictino que ansiaba, como di PENSADO, conseguir "todo para el pueblo pero con el pueblo".*
*- **Unha segunda etapa**, é a que coincidirá coa proxección que tivo a obra de CAMPOMANES, anos 1860-70. A acción deste ministro en Galicia poñerase de manifesto na reforma universitaria de 1772, e no seu inspiradísimo informe, que publica en 1764, sobre a emigración galega e a necesidade de freala coa creación de novas ocupacións: fomenta-la pesca, liberdade de comercio coas Indias, desenvolvemento da industria téxtil etc.*

*En Galicia, os máis xenuíos representantes desta xeración son, sen dúbida, FRANCISCO SOMOZA DE MONSORIU, JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA Y FOLGUEIRA e JUAN FRANCISCO DE CASTRO. É neste segundo momento cando a recepción do pensamento reformista vai derivar nunha crítica xa expresa do modelo organizativo do Antigo Réxime, sobre a base dos xa citados principios informadores por excelencia do século: o uniformismo nacente e o centralismo triunfante. O proceso iniciado de racionalización en torno ás ciencias experimentais acabará levando as súas conclusións á gobernación do Estado.*
*- **Unha terceira etapa**, en clara consolidación coas anteriores, na que veremos nace-la obra dos mellores homes do pensamento económico galego, entre os que destaca J. LUCAS LABRADA, cun traballo no cal se pode observa-la influencia das etapas anteriores e un certo racionalismo utópico que todo o impregna e que chegará, da man das ciencias experimentais, a ciencia política. Vid. J.M. PÉREZ GARCÍA, "Historia de Galicia".*

[14]. *A última Xunta do Reino de Galicia celebrouse en 1806.*

[15]. *Pódese ver de DE-CAL Y CORTINA, Rosa Mª G.: "Nacimiento y consolidación del Municipio constitucional en Galicia", ed. Deputación Provincial de A Coruña, 1997, p.p. 65 e ss. Esta Xunta integrábase na Xunta Suprema Central, creada a finais de 1808, baixo a dirección do Conde de Floridablanca. Pódese tamén ver de GONZÁLEZ MARIÑAS, P.: "Las diputaciones provinciales en Galicia: del antiguo Régimen al constitucionalismo", ed. Deputación Provincial da Coruña, 1978.*

francesa supuxo un contratempo máis, por orde de 29 de xaneiro de 1809, e a suspensión do cobro dos seus soldos como comisario da Inspección Xeral de Camiños, en nome da autoridade francesa.

O baleiro de poder xerado pola invasión daba lugar ás Xuntas de Armamento e Defensa, habitualmente constituidas mediante acordo das forzas sociais dominantes e que, por forza dos feitos, organizaban a acción bélica [15].

Será en xaneiro de 1809 cando os franceses cheguen a Galicia, que abandonarán pouco despois en xuño do mesmo ano, logo dunha valerosa defensa do pobo galego, ó cal a Xunta Central o 10 de xullo felicita con entusiasmo propio de momento tan transcendente "... *Sois pues ya libre, oh pueblo de Galicia, y la patria al pronunciarlo borra con lágrimas de admiración y de ternura las voces dolorosas con que se quejó de vosotros en otro tiempo. Sois libres y se lo debeis a vuestra exaltación sublime, a vuestro valor, a vuestra constancia, Sois libres y España, Europa toda os dan un parabien tanto más dulce, cuanto desesperada parecía vuestra suerte*" [16].

A guerra, pois, en Galicia, rematou en data temperá deixando unha dolorosa pegada na sociedade galega. Tamén as institucións se resentiron e, tras un período de confusión organizativa, o 16 de marzo de 1810 constituirase a Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia -que gobernará Galicia ata o 8 de marzo de 1813, data na que procederá a efectuar o consecuente traspaso de poderes á primeira **Deputación Única de Galicia** [17]. Como xa manifestei noutra ocasión, o azar deparará a este órgano se-lo último do Antigo Réxime e o que canalizará a representación galega en Cádiz [18]. Este órgano marcará profundamente a vida de ALONSO LÓPEZ, como veremos a continuación.

A carón de personaxes destacados do Antigo Réxime, coñecidos polas suas ideas absolutistas, entran nesta Xunta destacados representantes do liberalismo galego. O feito de se-lo liberalismo, no período de existencia da Xunta, un fenómeno "*minoritario*", [19] non fai senón destaca-la importancia da súa incorporación ó órgano que representaba a gobernación do Reino [20], xa que supón a entrada nas institucións do Estado de personaxes

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

[16]. *Proclama da Xunta Central de 10 de xullo de 1809, reproducida por BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: "Historia Contemporánea de Galicia", ed. Gamma, A Coruña 1982, p.p.114. A esta obra remítome con carácter xeral por conter unha completa historia deste período.*

[17]. *Sobre esta Xunta pódese ver "in extenso" de MARTÍNEZ MORAS, F.: "La Junta Superior de Subsidios, Armamento y Defensa del Reino de Galicia". Ed. Moret, A Coruña, 1955.*

[18]. *Vid. DE-CAL Y CORTINA, R.M.G.: "Nacimiento y consolidación ...", op. cit, p.p. 68.*

[19]. *Vid. BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: "Historia ...", op. cit., p.p., 138.*

[20]. *Formaron parte da Xunta na súa instalación: D. Ramón de Castro, Capitán Xeneral de Galicia; D. Cesáreo Gardoqui, Intendente Xeneral; D. Miguel Antonio Blanes, polo Real Acordo; D. Manuel José de Pallarés e D. Joaquín Armesto (Marqués de Villargarcía), polo estado xeral da provincia de Lugo; D. Cosme Antonio Rodríguez Seoane, polo mesmo da provincia de Tui; D. Juan Bernardo Quiroga y Uría e D. Pedro Ventura de Puga, polo de Ourense; D. Vicente Lamas de la Torre, polo de Mondoñedo; D. Bernardo del Río, polo da Coruña; D. José Alonso López, polo de Betanzos; D. Gregorio García Cordero e D. Juan Martínez Oliva, polo de Santiago; D. Marcial Francisco del Adalid, como Director Xeral de Provisións do Exército; D. José Mª de Moesas, Coronel e tenente do Rei na praza da Coruña; D. Miguel de Córdoba, Tenente Coronel polo Corpo militar de Guerra; D. Luis Rodríguez del Monte, polo Departamento de Mariña; D. Manuel Díez Tavanera e D. Manuel de la Riva Moreno, polo Comercio; o Reverendo P. Maestro Fr. Bernardo Sánchez, polos regulares monacais. Os eclesiásticos incorporaríanse máis tarde e foron: D. Antonio Umbría y Alcalde, representante do estado esclesiástico da diócese de Lugo. O Arzobispo D. Rafael Múzquiz, D. Ramón Lamela Caamaño, e D. Manuel Antonio Pedrosa pola de Santiago; D. Gregorio Faustino del Rosal o D. José Antonio Ribadeneira, a de Lugo e D. Juan Andrés González Caamaño, pola de Mondoñedo. Cfr. MARTÍNEZ MORAS, F.: "La Junta ...", op. cit.*

[21]. *Vid. BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. "Historia...", opus cit. p.p. 135 e 136. Foi elixido o 24 de Novembro de 1810. Vid. ALVÁREZ RUBIANO, P.:"Esquema de la Administración española durante la Guerra de la Independencia", I Symposium de Historia da Administración, Madrid 1970. Sobre algunhas das súas intervencións máis destacadas, pódense ver p.p. 75, 105, 124-125, 127, 137-138 e 175 da obra de MANUEL MORÁN ORTÍ: "Poder y Gobierno en las Cortes de Cádiz (1810-1813)", ed. EUNSA, Pamplona 1986.*

[22]. *Vid. MARTÍNEZ MORAS, F.:"La Junta Superior de Subsidios, Armamento y Defensa del Reino de Galicia", op. cit., p.p. 48. LOSADA, sería deputado en Cortes durante o trienio liberal.*

[23]. *BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: "Liberales y Absolutistas en Galicia", op. cit., p.p. 135. Este autor mantén que "todo parece indicar que en Galicia en ese momento había un intercambio ideológico sorprendente, que las prensas no paraban y que había una avidez por las lecturas que creemos aluden a algo más: a la necesidad de consolidar un régimen que bien se sabía estaba insuficientemente cimentado en las clases sociales", opus cit, p.p. 137-138. Vid. do mesmo autor e na mesma obra, o apartado denominado "Ideas nuevas para un mundo nuevo", no que pon de relevo o coñecemento indubidable que existía entre os liberais galegos das obras máis influíntes en pensamento político occidental de finais do XVIII e principios do XIX.*

destacados do movemento liberal galego, que deixarán unha pegada imborrable nas mesmas. Tal é o caso de ALONSO LÓPEZ , que entra na mesma representando a provincia de Betanzos. A partir deste intre, o seu compromiso co liberalismo será definitivo, a súa vida tórnase nun verdadeiro himno a liberdade do seu pobo.

Con el tamén entraron outros coñecidos liberais como Luis Rodríguez del Monte, oficial de Mariña, liberal de gran prestixio que chegou a ser elixido Presidente das Cortes [21] e Ramón Losada, capitán de fragata da Armada, que sustituíu a Rodríguez del Monte cando éste foi nomeado deputado nas Cortes Constituíntes [22].

Ningún destes personaxes pensaba que a volta ó Antigo Réxime fora a solución dos problemas que tiña por resolver a gobernación do Estado, e por encima a de Galicia. Moi pola contra, leran a A. SMITH, CONDILLAC, MALEBRANCHE, ROUSSEAU, MONTESQUIEU y LOCKE, Ademais, tiñan noticia dos acontecementos en Europa: *"los liberales se sienten arquitectos de un mundo nuevo y, por consiguiente, de una España también nueva"* [23]. As novas institucións serían o trampolín que necesitaban para poñer en práctica todo aquilo que constituíra o eixo da súa ideoloxía, que sabían escasamente asentada na sociedade, urxía o pulo desde o poder político.

A Xunta de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia, vai se-la primeira institución na que os liberais galegos teñan unha representación significativa, en termos cualitativos.

**3. Os primeiros deputados galegos.**

Á propia formación da Xunta superpúxose a necesidade de elixir ós deputados a Cortes, segundo o Decreto da Xunta Central. Será en maio de 1809 cando a Xunta Central promulgue o Decreto de convocatoria das Cortes Xerais, que debían reunirse en marzo de 1810 pero que, polas diversas circunstancias bélicas e políticas que atravesaba o país, no foi posible reunir ata setembro dese ano.

Seguindo o curso dos acontecementos, será a mediados do mes de xaneiro de 1810 cando se reciba na Coruña, un despacho da Xunta Suprema polo que se requería a execución da *"Instrucción que deberá observarse para la elección de diputados a Cortes Constituyentes"*, que debería realizarse a través dunha Xunta Electoral, foi a primeira lei electoral da España contemporánea . O intre é especialmente delicado, nese mesmo mes estaba a constituirse a Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino, polo cal o Capitán Xeneral de Galicia encargouse de realiza-la xestión encomendada, 24 foron os deputados elixidos, 23 representarían ás 7 provincias históricas e un á propia Xunta Superior.

Foron meses de gran actividade e dunha enorme confusión, como o demostra o feito de que en maio, algúns deputados xa elixidos, se dirixíran á Xunta para urxirlle o nomeamento dos correspondentes ás provincias de Ourense, Tui e Mondoñedo, nesas datas aínda pendientes. É, aínda en xullo, o deputado GARCÍA QUINTANA recórdalle á Xunta que faltaba a representación de Tui . Non é, pois, de extrañar que o deputado representante da propia Xunta Galega non fora nomeado ata o 30 de xullo .

neo Ferrolán
Fundado en 18

[24]. *Esta instrucción converteuse na primeira lei electoral contemporánea de España, aínda que vinculada ó pasado máis cercano, xa que recoñecía o carácter de deputados ós antigos representantes das cidades en Cortes de 1789, xunto ós cales terían asento un representante por cada unha das Xuntas Provinciais que se constituira en 1808. Pero, sen embargo, un importante grupo de deputados, douscentos oito, serían elixidos por sufraxio universal, na proporción dun deputado por cada 50.000 habitantes, moderado por un complexo procedemento de eleccións indirectas. Cada elector debía reunir os seguintes requisitos de capacidade: ser maior de 25 anos, ser parroquiano do lugar onde tiña que emiti-lo seu voto e ter casa aberta, circunstancias só esixibles ós varóns, aínda que non fora preciso facelo constar expresamente, por resultar suficientemente obvio. Para ser elixible, ademais, era necesario ser persoa natural daquel reino ou provincia, aínda que non se residise, nin se tivese propiedades nela. Pese a que a instrucción non o esixía, si insinuaba a conveniencia de que os elixidos contaran con facultades suficientes para desempeña-la súa función á súa costa, aliviando así a súa posible repercusión no gasto público. Vid. ALEJANDRE, J.A.: "El sufragio universal en España", ed. Cuadernos Historia 16, Madrid 1985, p.p. 6.*

[25]. *Vid. BARREIRO FERNÁNDEZ X.R.: "Historia Contemporánea ...", op. cit., p.p. 132 a 134.*

[26]. *Os deputados firmantes do escrito eran Luis Rodríguez del Monte e Pedro Rivera y Pardo por* **BETANZOS**; *Manuel Valcarcel y Saavedra, Domingo García Quintana, Antonio Vázquez de Parga e José R. Becerra por* **LUGO**; *Manuel Ros, Francisco Pardo e Antonio Mª de Parga por* **SANTIAGO** *e Antonio Sánchez Boado pola provincia da* **CORUÑA**. *Arquivo do Reino de Galicia, leg. 25 nº d 54-97.*

[27]. *Arquivo do Reino de Galicia, Caja 25 nº D 54-97 do Fondo da Xunta Superior de Armamento e Defensa do Reino de Galicia.*

[28]. *Arquivo do Reino de Galicia, Caja 25 nº C25-D28-37 do Fondo da Xunta Superior de Armamento e Defensa do Reino de Galicia.*

Finalmente designáronse os 24 deputados que a continuación se relacionan :

Provincia de Santiago
1.- Benito R. Hermida y Porras.
2.- José M. Suarez Riobóo.
3.- Manuel Ros de Medrano.
4.- Antonio María de Parga.
5.- Francisco Pardo.
6.- Vicente de Castro Lavandeira.
7.- Joaquín Tenreiro Montenegro.

Provincia de Mondoñedo
1.- Antonio Abadín Guerrero.
2.- Manuel Freire Castrillón.

Provincia da Coruña
1.- Antonio Payán.
2.- José S. López del Pán.

Provincia de Tui
1.- Agustín Rodríguez Bahamonde.
2.- Antonio Durán y Castro.

Provincia de Lugo
1.- José R. Becerra y Llana.
2.- Antonio Vázquez de Parga.
3.- Manuel Valcárcel y Saavedra.
4.- Domingo García Quintana.

Provincia de Ourense
1.- Juan Bernardo Quiroga y Uría.
2.- Bernardo Martínez.
3.- Pedro Cortiñas.
4.- Benito Mª Mosquera.

Provincia de Betanzos
1.- Pedro Ribera y Pardo.
2.- Luis Rodríguez del Monte.

Xunta do Reino
**1.- José Alonso López y Nobal.**

Foron os nosos primeiros representantes elixidos, aínda que de forma indirecta, maioritariamente polos cidadáns, por iso non é meramente anecdótico que tivesen a clara conciencia de representar a Galicia na súa totalidade e non a unha particular provincia galega, e isto demóstrao *"el hecho de que cuando firmaron la Constitución, aprobada por esas Cortes, el 2 de marzo de 1812, once de ellos firman con el título de "Diputado por Galicia" (Benito Ramón Hermida, Luis Rodríguez del Monte, Pedro Ribera, Antonio de Parga, Antonio Payán, Juan Bernardo Quiroga y Uría, Manuel Ros, Agustín Rodríguez Bahamonde, José Becerra, José Alonso López y José López del Pan), uno en nombre de las siete ciudades del Reino de Galicia (Benito Mª Mosquera y Leis), lo que equivale también a una representación general regional y, sólo uno, Bernardo Martínez, indica que es diputado por la provincia de Orense, pero inmediatamente añade de Galicia"*[30].

É tema de grande interese xa que, aínda que é obvio que a división provincial é todavía un futurible e puramente formal, era, así, lóxico que os nosos deputados pensasen na Galicia global, sentida por todos como tal nunha conciencia todavía non imbuída de artificiosas "*parcelacións*", pedidas máis pola razón que polo sentimento. Pero quizais a isto habería que suma-la presencia do todavía cercano fervor unitarista ou centralista dos primeiros revolucionarios franceses, aplicado aquí non a España senón a Galicia, cando denostaban a representación local ou particularizada, un criterio que tan expresivamente revelaría máis tarde un enfático CORMENIN cando exhortaba ós deputados a deixar de selo de "*sus campanarios o aldeas*", para selo de toda a nación francesa.

---

*[29]. É moi significativo que en 1812, cando se procede a certificar pola Secretaría do Congreso o número de deputados, aprobada xa a Constitución, a pesar de que só transcorreran 18 meses desde o seu nomeamento, atopábanse ausentes dos debates parlamentarios con licencia 20 diputados de España e Ultramar; pois ben, deses vinte, case a metade eran galegos -sete-, o que demostra que salvo as excepcións que veremos, a participación dos deputados galegos foi escasa e moi limitada a personalidades concretas. Posiblemente, trala xordeira de algúns e as ausencias doutros, se ocultasen motivos máis inconfesables. Vid. Diarios de Sesións das Cortes Xerais e Extraordinarias, sesión do 18 de Marzo de 1812, p.p. 2.947.*

*[30]. Vid. GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: "El Aguila desplumada", ed. Castrelos- Follas Novas, La Coruña, 1977, p.p. 181 e 182.*

*[31]. Vid. MARTÍNEZ MORAS, op. cit., p.p. 156.*

*[32]. Escrito que dirixe a Xunta Galega o 1 de agosto de 1810 á Xunta Superior do Reino, comunicando o nomeamento do deputado que había de representala en Cádiz. Vid. Archivo del Reino de Galicia, fondo citado.*

*[33]. Vid. ó respecto ARTOLA GALLEGO, "Los Orígenes de la España Contemporánea". 2 volúmenes. Ed. Instituto de Estudios Políticos. Madrid, 1975, p.p. 459 e ss. Coñécense as instruccións que recibiron os deputados de Cataluña, que sintetiza Artola en dous extremos: o programa político do liberalismo e a rotunda afirmación do sentimento nacional. Sobre o tema: CARRERA PUJAL: "Historia Política de Cataluña en el Siglo XIX. La Guerra de la Independencia"; DESDEVISES DU DEZERT: "La Junte Superieure de Catalogne" Revue Hispanique, 1910, vol. XXII. MERCADER: "La ideología dels catalans del 1808", Anuari de l'Institut d'Estudis Catalans, 1953.*

### 4. O compromiso da Xunta Galega co seu representante

Na sesión do 30 de xullo de 1810, "*hácense tres votaciones canónicas, secretas, con dos escrutinios para cada una y sale proclamado don José Alonso López*..." como deputado a Cortes en representación da Xunta galega [31], "*en cuyas luces y variados conocimientos debe fundarse una esperanza lisonjera de su concurrencia al acierto y al bien que en el augusto Congreso funda la Nación en las circunstancias críticas que la ponen en apuro de la mayor consideración*" [32]. Nada xa sería doado para Alonso López que, con ilusionado esforzo, emprendeu a etapa política máis apaixonada da súa vida e, asemade, a máis comprometida que o levaría a dar incluso a súa vida polas súas ideas. ¡Que fermosa estética a destes liberais diante da morte...!, é romanticismo puro. Na fragata *Ifigenia* marchou con outros deputados a Cádiz.

Non recibiu o representante da Xunta Galega instruccións para o desempeño da súa alta misión en Cádiz. Sen embargo, na mesma sesión na cal foi elixido acordouse outorgarlle "*poderes ilimitados pª cumplir y desempeñar las augustas funciones de su nombramiento y pª que con los demás diputados de Cortes pueda acordar y resolver quanto se proponga en ellas, así en razon de los puntos indicados en la Real Carta Combocatoria, como en otros qualesqª plena, franca, libre y general facultad, sin que por falta de poder deje de hacer cosa alguna, pues todo el que se necesite le confieren sin excepcion ni limitacion. Y los otorgantes se obligan por si mismos y por el del Reino de Galicia que representan, a tener por valido y ovedecer y cumplir cuanto como tal diputado de Cortes hiciere y se resolviese por estas.*"

Pouco se sabe das instruccións que as respectivas Xuntas deron ós seus deputados [33]. Non obstante, o compromiso da Xunta Superior de Galicia co nacente constitucionalismo é claro:

1º. Porque o apoderamento efectuado en termos tan amplos non limitaba en modo algún as posibilidades de actuación política do seu representante, considerándose aquela obrigada calquera que fora a posición deste; en época tan temperá a Xunta galega outorgaba un <u>mandato claramente representativo</u> ó seu parlamentario [34] e

2º. Porque a elección na persoa de D. JOSÉ ALONSO LÓPEZ Y NOBAL, que xa dera sobradas mostras do seu posicionamento liberal en termos de absoluta confianza no acerto da xestión é indicio claro de compromiso cos principios políticos que constituían a base do incipiente movemento liberal galego [35].

É este un tema que ten un grande interese xurídico. A concepción do mandato imperativo, baseada nun vínculo contractual entre os electores e os elixidos, segue o esquema xurídico privado no cal podemos outorgar un contrato de mandato e, se o mandatario incumpre as nosas instruccións, é posible a revocación unilateral do mesmo. Esta inicial posición ten a súa orixe nos famosos Estados Xerais Franceses de 1789. Pouco despois, a Xunta Galega xa opta claramente polo mandato representativo que considera ó elixido representante de todo o pobo, sen vinculación ningunha cos seus votantes concretos. É hoxe unha discusión superada, pero sorprende a temperá e indudable posición da Xunta

---

[31]. *O primeiro que apuntou a necesidade dunha representación sen ataduras foi MONTESQUIEU. Escribía en "<u>L'Espirit des Lois</u>", que "no es necesario que los representantes que han recibido de los que les han escogido unas instrucciones generales, reciban una específica sobre cada asunto, como hacen en las Dietas en Alemania. Es cierto que de esta manera la palabra de los diputados será más la expresión de la voz de la Nación; pero se dilatará infinitamente [la discusión], cada diputado en un señor de los demás y, en las ocasiones más acuciantes, toda la fuerza de la nación podrá ser detenida por un capricho.". Vid. la ed. Gallimard, Paris, 1970 p.p. 173. As bases legais do mandato representativo conságranse por primeira vez na Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán "el origen de toda soberanía reside esencialmente en la nación. Ningún órgano ni individuo puede ejercer autoridad que no emane expresamente de ella" (art.3); "La Soberanía así concebida, no pertenece ni a monarca, ni a los individuos que componen la sociedad, sino a la nación, considerada como un ser distinto de los ciudadanos que la integran, como una persona jurídica". A Constitución francesa de 1791, no seu artigo 7, prohibiu expresamente o mandato imperativo. A Constitución de 1812, recoñeceu que esta teoría estaba inequivocamemente unida ó recoñecemento da soberanía nacional. Vid. arts. 100 e 27 da mesma. Vid. sobre a teoría da representación BIRCH, A.H.: "<u>Representation</u>", Londres, 1979, ed. MacMillan Press Ltd.; SARTORI,G.: "<u>Elementos de Teoría Política</u>", Madrid, 1992 Alianza Editorial.*

[32]. *Vid. DE-CAL Y CORTINA, R Mª G.:"<u>Nacimiento y consolidación del ...</u>" op. cit., p.p. 82 e ss. Na sesión de 30 de xullo de 1810 da Xunta Superior de Galicia na que se nomeou ó deputado ALONSO LÓPEZ, asistiron: D. RAMÓN DE CASTRO, Capitán Xeneral de Galicia e Presidente da Xunta; D. MANUEL PEDROSA, D. BERNARDO DEL RÍO, D. COSME RODRÍGUEZ SEOANE, EL MARQUÉS DE VILLAGARCÍA, D. VICENTE LAMAS, o propio deputado elixido D. JOSÉ ALONSO LÓPEZ, D. GREGORIO GARCÍA CORDERO, D. JOSÉ MOESAS, Tenente do Rei nesta Praza, o R.P. M. SÁNCHEZ, o Dr. D. JUAN GONZÁLEZ CAAMAÑO, D, JOSE MARÍA RIVERA, D. ANTONIO UMBRÍA, D. MANUEL TAVANERA, D. CESAREO GARDOQUI, Intendente deste Exército e Reino, D. MARCIAL FRANCISCO DEL ADALID, D. MIGUEL DE CORDOVA, D. RAMÓN LOSADA, D. MIGUEL BLANES e o vocal secretario D. JOSÉ ANTONIO RIBADENEYRA.*

Galega, que pon una vez máis de manifesto cómo o liberalismo penetrara nalgúns sectores da sociedade galega.

**5. En Cádiz, a 28 de agosto de 1810.**

Nesa data os embarcados na fragata de guerra IFIGENIA [36] chegan sen novidade á baía de Cádiz, e antes de desembarcar anúncianse ó Consello da Rexencia, que lles contestou "*como correspondía*" [37]. Só atopan a un deputado dos da España de Ultramar, ó representante de Porto Rico; e sobre dos peninsulares manifestan, os recen chegados, a súa sorpresa porque só estean alí reunidos algúns de Estremadura, Cuenca, Valladolid e Cataluña, que en total "*formaran el numero de una docena de individuos*" [38]. Desexan facer presente a necesidade de que se acelere a chegada doutros deputados para "*empezar a trabajar en los puntos para que hemos sido diputados en beneficio de la Patria*" [39].

En setembro xa se reuniran en Cádiz un número suficiente de deputados, polo que o Consello de Rexencia determina nomear suplentes para representar ás provincias ocupadas polos franceses e polas de América, todavía ausentes. O 28 de setembro instaláronse solemnemente as Cortes na Illa de León. Así o comunica con entusiasmo o deputado ferrolán á Xunta Galega.

A súa correspondencia coa Xunta foi continua, e así, en sucesivas misivas, remitirá canto de interese se ía aprobando en Cádiz, cumprindo coa súa función de parlamentario e, ademais, servindo de improvisado reporteiro de canto acontecía diante dos seus ollos. Asemade, non deixou de urxir ó Consello de Rexencia e ó propio Parlamento ós que "*molestaba muy a menudo para que atiendan a las necesidades de nuestra afligida Provincia*", para que atendesen alguns dos problemas seculares do Reino de Galicia.

A Xunta sempre contestou cun enorme agradecemento os envíos de ALONSO LÓPEZ, animándoo en todo momento a continuar cos seus esforzos e bos oficios, só entorpecidos, como veremos, pola "*extrema pobreza*" a que se viu reducido, ó non poder cobra-las dietas a que como deputado tiña dereito, e pola lentitude e inseguridade dos correos en tempos tan difíciles e inseguros para o transporte marítimo.

Quedou, pois, o noso deputado xa instalado naquel bulir de acontecementos, intrigas e ilusións que era Cádiz a finais do verán de 1810.

[36]. *Ten unha historia curiosa esta fragata e cóntaa o editor da Revista "El ciudadano por la Constitución" en núm 195 do 5 de decembro de 1813. O citado buque quedou desarborado a causa do vento á altura do Porto da Coruña pero nin o Comandante de Mariña nin o Capitán do Porto fixeron nada por evita-lo naufraxio; foi un coñecido liberal coruñés don Juan Bautista Larragoiti cuns mariñeiros voluntarios os que lograron amarra-lo buque. Foi este feito moi alabado polos liberais coruñeses nos números seguintes do periódico.*

[37]. *Vid. carta que dirixe o deputado ferrolán á Xunta Galega, á chegada a Cádiz. Arquivo do Reino de Galicia, fondo citado.*

[38]. *Ibidem.*

[39]. *Ibidem.*

# III NA ILLA DE LEÓN



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

## III. CAPÍTULO SEGUNDO: NA ILLA DE LEÓN

### 1. Os prolegómenos dunha Constitución liberal

Difícil misión a de facer unha Constitución en momentos tan convulsos; sen embargo o 24 de setembro de 1810, os deputados presentes, tras asistir a un acto relixioso instaláronse no salón de Cortes, situado no Teatro da Illa de León. Ademais dos deputados encontrábase presente o bispo de OURENSE, membro da Rexencia do Reino -en ausencia do desexado Fernando VII- . Eles mesmos elixiron o seu primeiro Presidente, don Ramón LÁZARO DE DOU e o seu primeiro secretario, don Evaristo PÉREZ DE CASTRO.

Paga a pena adicar unhas liñas a este prelado galego, membro da Rexencia do Reino, PEDRO QUEVEDO Y QUINTANO [40],famoso bispo de Ourense, que "*simbolizaba, frente al progreso social, la supervivencia del Antiguo Régimen, el tradicionalismo extremo, el absolutismo agresivo, la oposición a toda apertura y compresión, el santo terror al diálogo como un enemigo inquietante, del que estaba siempre dispuesto a explotar los errores tácticos*". A noite do 24 de setembro de 1810, na que a Rexencia prestou xuramento diante das Cortes, disculpouse, excusándose polo avanzado da hora e polos seus moitos anos [41], evitando así acompañar ós outros catro Rexentes do Reino na cerimonia do xuramento. Este primeiro enfrontamento duraría ata o 3 de febreiro, data na que D. Pedro accede a prestar xuramento [42].

O posicionamiento entre serviles e liberais comezaba a súa longa andadura histórica no mesmo día no que se celebraba a sesión de constitución das Cortes Constituintes [43].

### 2. Emerxe o Estado liberal.

Era presumible que a redacción da Constitución se dilatase no tempo, polo que foi preciso elixir previamente unha Comisión Constitucional que desenvolvese a súa difícil tarefa con todo o sosego que permitía a situación pola que atravesaba o país.

Por iso, para saír da orfandade normativa na cal se atopaba un estado, que ía vivir na contradicción permanente de estar a elaborar unha Constitución liberal, sen sair formalmente do antigo réxime, os deputados en Cádiz aprobaron unha primeira disposición que permitiu poñe-las bases do novo réxime. Na mesma sesión de constitución das Cortes Xerais e Extraordinarias, apróbase o Decreto de 24 de setembro de 1810, que é a norma que sinala en termos xurídico-políticos a fin do Antigo Réxime e o nacemento do Estado Liberal, xa que nela recoñécense tres dos principios que, definitivamente, consagrará a Constitución de 1812: a soberanía popular, a división de poderes e a supremacía do lexislativo.

---

*[40]. Os outros catro membros da Rexencia do Reino eran: D. FRANCISCO DE SAAVEDRA, entonces primeiro ministro e Secretario de Estado; D. FRANCISCO JAVIER CASTAÑOS Y ARAGONI, Capitán Xeneral; D. ANTONIO DE ESCAÑO, Tenente Xeneral da Armada e D. ESTEBAN FERNÁNDEZ DE LEÓN, Ministro do Consello de España e Indias. Vid. sobre este primeiro Consello de Rexencia e os que lle sucederán de ALVAREZ RUBIANO, P.:"Esquema de la Administración española durante ...", op. citada.*

*[41]. "Que era tarde, que tenía que rezar y que se hallaba desazonado". Vid. MORÁN ORTÍ, M.: "Poder y Gobierno ...",op. cit., p.p. 71. O deputado FRANCISCO SAAVEDRA, escribía sobre este feito: "de esto nos alegramos porque temíamos que con su santa naturalidad dixese alguna especie en las Cortes que nos comprometiese en una escena ruidosa". Cfr. "Diario que llevó don................. de todo lo que sucede, hace y piensa desde que salió de Cádiz para la plaza de Ceuta en 8 de Enero de 1811", citado na obra primeiramente referida de MORÁN ORTÍ, p.p. 71, nota 27. Os outros catro rexentes "se avinieron a jurar sin mayores complicaciones", cfr. op. cit., p.p. 72. A posición de D. Pedro estaba vinculada á súa posición doctrinal en torno ó recoñecemento, efectuado "con el golpe maestro del día 24" da soberanía nacional, por eso argüía que "si se quiere reconozca el Obispo de Orense una verdadera soberanía e independencia de la Nación de toda denominación extranjera, y que ella con su rey es verdaderamente soberana, uno y otro esta pronto a reconocerlo y defenderlo quanto pueda, y le sea practicable; conviene también y reconoce el exercicio de la soberanía, interín el rey no pueda tenerle, está en toda la Nación española, y en las circunstancias actuales en las Cortes generales y extraordinarias (...) no reconoce en cambio que la soberanía está absolutamente en la Nación, que ella es soberana de su mismo soberano, o que el estado o sucesión de la Monarquía depende la voluntad general de la Nación". Op. cit., p.p. 73.*

*[42]. DENOZIER A.: "Manuel Josef Quintana et la naissance du liberalisme en Espagne", Paris 1968, p.p. 519. Citada por JAVIER HERRERO en "Los orígenes del pensamiento reaccionario español", ed. Alianza Universidad, Madrid, 1988, p.p. 275. Este suceso finalizou cando, "después de hacer varias protestas, reservas e indicaciones contrarias al espíritu de la misma Constitución y al decreto de 18 de marzo de este año, y repugnantes á los principios de toda sociedad, según los cuales no puede ni debe ser deputado como miembro de ella ningun individuo que rehuse conformarse con las leyes fundamentales que la constituyen", as Cortes decretaron o 17 de agosto de 1812 que D. PEDRO QUEVEDO Y QUINTANO era indigno da consideración de español, quedando, en consecuencia, destituído de tódolos honores, empregos, emolumentos e prerrogativas de que viña gozando. O propio CONDE DE TORENO dicía deste ilustre personaxe: "Presumía de entendido, y aún ambicionaba la dirección de todos los negocios, siendo con frecuencia juguete de hipócritas y enredadores. Confundía la firmeza con la terquedad y difícilmente se le desviaba de la senda, derecha o torcida, que una vez había tomado". Tan cruda opinión sobre D. Pedro non é unánime, e así GONZÁLEZ LÓPEZ, tras facer un corto percorrido polos feitos máis destacados da súa*

Serán asimesmo recoñecidos mediante normas específicas algúns dos dereitos que xa se consideraban inseparables da condición de homes libres: a liberdade de imprenta[44]; a igualdade xurídica dos españois de ambos hemisferios, confírmase a inviolabilidade dos deputados en Cortes polas súas opinións e dictámes[45], prohíbense as vexacións feitas ata aquí ós Indios primitivos[46]; prohíbese a apertura xeral das cartas[47], decrétase a liberdade de comercio dalgúns bens como o asougue[48], tamén a libre incorporación dos avogados ós seus colexios[49], declárase abolida a tortura, os apremios e prohíbese calquera práctica aflictiva[50], declárase a libre admisión de tódolos fillos de "*españoles honrados*" nos Colexios Militares de mar e terra e nas prazas de cadetes de tódolos Corpos do Exército, e na Mariña, sen o requisito da proba de nobreza[51].

O Decreto de 24 de setembro citado[52], comeza dicindo que: *"Los Diputados que componen este Congreso, y que representan a la nación española, se declaran legítimamente constituidos en Cortes Generales y extraordinarias, y que reside en ellas la Soberanía Nacional. Las Cortes Generales y Extraordinarias de la Nación española, congregadas en la Real Isla de León, conformes en todo con la voluntad popular, pronunciada del modo más enérgico y patente, reconocen, proclaman y juran de nuevo por su único y legítimo Rey al Sr. D. Fernando VII de Borbón y declaran nula, de ningún valor y efecto, la cesión de la corona que se dice hecha en favor de Napoleón, no solo por la violencia que intervino en aquellos actos injustos e ilegales, sino principalmente por faltarle el consentimiento de la nación"*[53].

---

*Axitada vida pública, conclúe que cando morreu en Ourense en 1818 era "respetado incluso por sus enemigos", vid. "Entre el Antiguo y el Nuevo Régimen: Absolutistas y Liberales", ed. Do Castro. Sada, A Coruña 1980, p.p. 36. Merécelle mellor opinión a PABLO ALVAREZ RUBIANO, que o define como home "austero en sus costumbres, varón virtuosísimo y de innegable caridad ...", aínda que conclúe que "no respondió en el desempeño de su cargo a las esperanzas en él depositadas", vid. "Esquema de la Administración española durante la Guerra de la Independencia", op. cit., p.p. 395. Tamén sobre D. PEDRO QUEVEDO, pódese ver o capítulo XXIV de "El Aguila desplumada" de E. GONZÁLEZ LÓPEZ, op. cit. É, sen dúbida, un dos personaxes máis contradictorios desta primeira etapa do constitucionalismo en Galicia, polo que a súa figura e obra foi obxecto de atención de cantos se ocuparon deste período da nosa historia.*

*43 "Desde que Marcelino Menéndez Pelayo, escribió su Historia de los heterodoxos españoles, los historiadores españoles se han inclinado a ver el origen de las "dos Españas" en el advenimiento de la política de Carlos III. Cierto que algunos puntos de disputa ulteriores aparecieron entonces -¿qué sociedad en evolución no sufre tensiones internas?-, pero mientras Carlos III y sus ministros dirigieron el gobierno, estas tensiones no pudieron igualar las fuerzas cohesivas del prestigio real tradicional, de la fe religiosa y del bien sazonado patriotismo. Este ideal del despotismo ilustrado fue destrozado en la primera década del reinado de Carlos IV, por la Revolución francesa y las guerras subsiguientes". HERR, R.: "España y la Revolución del Siglo XVIII", op. cit., p.p. 372. Cuenta MORÁN ORTÍ na obra citada en notas precedentes, cómo os deputados estaban prevenidos diante da posibilidade de que o bispo volvese a manifestar en público, (non se esqueza, para salienta-la importancia do feito, que as sesións eran públicas), as súas reservas cara á recén recoñecida soberanía nacional, e por isto, en sesión secreta que se celebrou o 1 de febrero, o deputado GARCÍA HERREROS expuxera, e así quedou convenido, que se isto acontecía "callando todos los individuos del Congreso, sólo el señor presidente tomase la palabra para decirle, con el decoro correspondiente a su dignidad: retírese el obispo a su posada, y aguarde allí las órdenes del Congreso", pero sufriron o "agradable chasco" de que o bispo xurase sen máis. Cfr. op. cit., p.p. 79, nota 42.*

*44. Decreto IX de 10 de noviembre de 1810. "Colección de Decretos y Órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde su instalación". Madrid 1920, Imprenta Nacional. "Haríamos traición a los deseos del pueblo y daríamos armas al gobierno arbitrario que hemos empezado a derribar, si no decretásemos la libertad de imprenta. La previa censura es el último asidero de la tiranía que nos ha hecho gemir por siglos". Discurso en defensa da liberdade de imprenta pronunciado polo deputado MUÑOZ TORRERO. A exposición de motivos e o artígo primeiro da norma citada dicía: "Atendiendo las Cortes Generales y Extraordinarias a que la facultad individual de los ciudadanos de publicar sus pensamientos e ideas políticas es, no solo un freno de la arbitrariedad de los que gobiernan, sino también un medio de ilustrar á la nacion en general, y el único camino para llegar al conocimiento de la verdadera opinion pública, han venido en decretar lo siguiente: Artículo primero.- Todos los cuerpos y personas particulares, de cualquiera condición y estado que sean, tienen libertad de escribir, imprimir y publicar sus ideas políticas sin necesidad de licencia, revisión o aprobación alguna anteriores a la publicación, bajo las restricciones y responsabilidades que se expresan en el presente decreto". O subliñado é noso, quixen destaca-lo temperán posicionamento do noso primeiro Parlamento contemporáneo en favor da teoría liberal da prensa, cun punto de referencia obrigado "ab initio", como é a obra de JOHN MILTON "Aeropagítica. Un discurso del Sr. Milton en favor de la libertad de prensa dirigido al Parlamento de Inglaterra".*

*45. Decreto XIII, de 28 de noviembre de 1810. "Colección de Decretos y Ordenes...", op. Cit.*

*46. Decreto XX, de 5 de enero de 1811. "Colección...", op. Cit.*

*47. Decreto XXII, de 15 de enero de 1811. "Colección...", op. Cit.*

*48. Decreto XXVI, de 26 de enero de 1811. "Colección...", op. Cit.*

*49. Decreto LX, de 22 de abril de 1811. "Colección...", op. Cit.*

*50. Decreto LXI, de 22 de abril de 1811. "Colección ...", op. Cit.*

*51. Decreto LXXXIII, de 17 de agosto de 1811. "Colección...", op. cit.*

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

O momento histórico era propicio -"*por qué no ha de adquirir ahora el pueblo español, que reconquista su Patria, los mismos derechos que estos conquistadores de la ajena...*"[54]- para aproba-la reversión á nación dos dereitos xurisdiccionais e territoriais, "*aunque no hubiese más título para ello que el derecho adquirido por el pueblo español en esta guerra para ser libre del yugo de estos señoríos*"[55].

Non era, evidentemente, a Revolución Francesa, pero ninguén dubida hoxe que foi o pobo o que impulsara, dirixido e, moi especialmente, loitado para expulsar ós franceses. Con ese antecedente era unha consecuencia lóxica que a soberanía nacional estivese na base xurídica de toda a nova lexislación do Estado[56]. Sen embargo, o dereito de participación, como expresión de dita soberanía, tería unha andadura todavía longa e tortuosa no noso constitucionalismo.

### 3. A primeira e precaria división de poderes.

O mesmo Decreto consagra que ***"No conviniendo queden reunidos el poder legislativo, el ejecutivo y el judiciario, declaran las Córtes Generales y Extraordinarias que se reservan el ejercicio del poder legislativo en toda su extensión. Las Córtes Generales y Extraordinarias habilitan a los individuos que componían el Consejo de Regencia para que bajo esa misma denominación interinamente y hasta que las Córtes elijan el Gobierno que más convenga, ejerzan el poder ejecutivo"***[57].

Sobre o outro poder, o xudiciario, o Decreto limítase, prudentemente, a ***"confirmar por ahora todos los tribunales y justicias establecidas en el reino para que continúen administrando justicia según las leyes"***[58].

Coñecida é a actitude pouco favorable á Convocatoria das Cortes da Rexencia do Reino, e a súa posición entorpecedora das mesmas. Pese a iso o Decreto citado, para evitar o baleiro de poder que suporía a súa renuncia, confírmaos no exercicio do poder executivo, xa sen as ambigüedades propias do Antigo Réxime, pero coa limitación que suporá a súa sumisión ó poder lexislativo, que representa á nación española. E así apróbase que ***"el Consejo de Regencia, para usar de la habilitación declarada anteriormente reconocerá la soberanía nacional de las Córtes, y jurará obediencia a las leyes y decretos que de ellas emanaren..."***.

Neste primeiro enfrontamento entre o poder executivo e as Cortes xerais, son estas as que lle impoñen a súa supremacía. Pero a posterior e continua "*danza*" de Rexentes e a súas loitas intestinas porán de relevo o efímero desta primeira victoria[59].

A supremacía da lei encaixará perfectamente co aspecto "*constituyente*" deste primeiro Parlamento soberán da nosa historia constitucional. Dicía, expresivamente, un dos seus máis destacados deputados, AGUSTÍN ARGÜELLES:

> *"Ellas [las Cortes] entienden y pueden entender en todo; pero su extensa autoridad es efecto de las circunstancias y del objeto ( no hay por qué disimularlo) que las ha congregado. las Cortes sucesivas no serán más que un Congreso legislativo, en el cual sólo se ventilarán proyectos o materias de ley, y los asuntos cuya naturaleza les corresponde por la Constitución. No*

---

52. *"Temos a fortuna de coñecer quén foi non só o autor político e abstracto - as Cortes, a Nación- senón o autor literario e concreto deste primeiro Decreto das Cortes de Cádiz]: Diego Muñoz Torrero...", GIBERT, R.: "Colección de Decretos de las Cortes, 1810-1813", Actas del IV Symposium de Historia de la Administración Pública, ed. Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid 1983, p.p. 306. Sobre a posición de Muñoz Torrero, pódese tamén ver as p.p. 534 e ss., do Tomo XII de "Historia General de España" de M. LAFUENTE.*

53. *"Colección de Decretos y Órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde su instalación". Imprenta Nacional, Madrid 1820, tomo I.*

54. *Sesión do 4 de xuño de 1811, intervención do deputado Sr. GARCÍA HERREROS. Diario de Sesións das Cortes Xerais e extraordinarias. Nos debates parlamentarios obsérvase que entre os defensores da soberanía nacional, existe a crenza xeralizada de que, en definitiva, o pobo español, utilizando unha castiza expresión, ganáraa expulsando ós franceses. Neste senso dicía o deputado Sr. Villanueva: "los servicios prestados a los Reyes por algunos señores libraron a los pueblos del yugo de los moros. Los servicios prestados a la Nación por el pueblo han librado ahora a los señores de la tiranía de los franceses", Sesión do 4 de xuño de 1811; igualmente a do Sr. García Herreros na mesma sesión: "Qué habrá hecho el pueblo con arrojar a sus enemigos más allá del Pirineo, si al volver el rostro á su Pátria encuentra en ella una servidumbre más indecorosa que la que ha sacudido?"*

55. *Sesión do 4 de xuño de 1811, intervención do deputado Sr. VILLANUEVA. Diario de Sesións das Cortes Xerais e Extraordinarias.*

56. *"Desde la Asamblea constituyente francesa el concepto de soberanía nacional se entendió no como la suma de los individuos concretos, sino como un ente abstracto, mítico y mixtificado, como un todo que no se identifica con sus partes porque engloba -se decía- a las generaciones pasadas,*

> *se erigirán en tribunal de justicia, en Junta Militar, en comisión gubernativa. No hay más que recordar lo que es este mismo congreso cuando se agitan en él cuestiones puramente legislativas*"[60].

Calquera observador da vida política destes trascendentais anos da nosa historia, podería concluír que a posición da Rexencia ou do Executivo quedaba bastante deslucida. E non se esqueza que eles, e só eles, representaban ó Monarca ausente o que, como punto de saída dunha Monarquía Absoluta, era certamente notable. Por iso convertirase en verdadeiro eixo das disputas polo poder ata 1814.

Algo radical, pero non totalmente incerto, en tempos tan cercanos ó poder absoluto do Monarca, é que a Rexencia era "*meramente un conducto ministerial de sus resoluciones, y los tribunales testas de ferro en sus fallos y sentencias; ellos formaron un cuerpo legislativo, un senado y un estrado de jueces. Pero no nos detengamos en un punto tan demostrado en cada página de las miles que componen los voluminosos tomos de dichos diarios*"[61]

O debate estaba servido. E non pasóu inadvertida toda esta escaramuza política para os que vían que non existía cousa máis prexudicial á causa pública que tratar de negocios que, positivamente, xa pertencían ó Consello de Rexencia ou ó Poder Xudicial. Porque, ademais de perderse lastimosamente o tempo, estimulábase a crenza de que as Cortes non se ocupaban dos grandes obxectos para que foran convocadas. E, a maiores era causa que propiciaba que "*los señores diputados se extravíen de la estrecha senda que deben seguir*"[62].

Xusto é recoñecer que extraviados non estaban, parapetábanse contra un executivo que desde o incidente do Bispo de OURENSE manifestárase hostil (ás veces non tanto) á causa constitucional. Fixeron, por utilizar unha expresión tan castiza como acertada, da necesidade virtude[63].

De forma inequívoca o primeiro Parlamento liberal da nosa Historia quería lidera-lo cambio dun sistema político que, a esas alturas, resultaba francamente decadente.

A Constitución tería que "*asumir*" estes primeiros pasos da nosa democracia parlamentaria, aprobados con tanto afán como descoñecemento do que ocorría ó outro lado da fronteira con Francia.

Ateneo Ferrolán
fundado en 1879

---

*presentes y futuras. es decir se manipuló el concepto de Nación para poder darle el contenido que se quisiera". Vid. ANTONIO TORRES DEL MORAL, "Principios de Derecho Constitucional español", ed. Átomo, Madrid 1985. p.p. 59.*

[57]. *Sobre o poder executivo antes da Constitución e despois da súa aprobación vid. de R. GIBERT "Colección de Decretos de las Cortes, 1810-1813", op. citada.*

[58]. *"Colección de Decretos ...", op. cit.*

[59]. *Sobre as conflictivas e decisivas relacións de poder establecidas entre as Cortes e a Rexencia pódese ver "in extenso", a obra xa citada de MORÁN ORTÍ "Poder y gobierno en las Cortes de Cádiz (1810-1813)".*

[60]. *Tomo este expresivo parágrafo dunha intervención de AGUSTÍN ARGÜELLES da p.p. 7, da obra de MORÁN ORTÍ , citada en notas precedentes, tan expresiva que o propio MORÁN a situa na introducción do libro.*

[61]. *MORÁN ORTÍ, M., citando a A.L.V.A. "Quatro palabras sobre la suspicaz conducta de las llamadas Cortes extraordinarias de las Españas; o sea, específico contra la apoplejía constitucional", Barcelona 1814, p.p. 2. Cfr. op. cit., p.p. 7.*

[62]. *Intervención do deputado LUJÁN contra a admisión polas Cortes de recursos xudiciais e solicitudes de empregos, "cuya provisión corresponde a la Regencia", aprobado por Decreto publicado o 9 de marzo de 1811. Sintomaticamente a favor de evitar este intrusionismo en funcións non lexislativas, estiveron os deputados máis favorables á autoridade suprema das Cortes; estes estimaban que non debían basea-la súa preponderancia na intromisión, senón na búsqueda do seu propio camiño ou senda, por empregar esta palabra tan do gusto da época. Vid. MORÁN ORTÍ, M.: "Poder y gobierno ...", op. cit., p.p. 125, o subliñado é noso. É indubidable que a difícil situación política pola que atravesaba o país propiciou, para elaborar primeiro e conservar despois tan costosa obra constitucional, o que pode denominarse expresivamente* "**Gobierno de las Cortes**". *Cfr. op. cit., p.p. 323.*

[63]. *Di SANTAMARÍA PASTOR, en relación coa norma que estamos comentando, que "no obstante su impresionante apariencia, el Decreto I de 24 de septiembre de 1810 formulaba el principio de separación de poderes de forma ambigua y embrionaria. Ambigua, por la coexistencia en su seno de principios políticos de difícil conciliación, como son, por una parte, la proclamación de la división de poderes, de clara inspiración en MONTESQUIEU y LOCKE y, por otra parte, la afirmación de la soberanía nacional de las Cortes y el esquema de relaciones legislativo-ejecutivo, típica manifestación de un régimen de gobierno de asamblea, cuyas raices teóricas se hallan como es obvio en ROUSSEAU. Y embrionaria, porque el principio de división no aparece sino invocado nominalmente; su desarrollo se producirá en las disposiciones posteriores que las propias Cortes dicten y llegará a su formulación definitiva con la Constitución de marzo de 1812...". Vid. "Sobre la génesis del Derecho Administrativo Español en el siglo XIX (1812-1845)", ed. Instituto García Oviedo, Universidad de Sevilla, 1973. Nun país que vemos socioloxicamente ancorado no Antigo Réxime, non semella que nesta primeira declaración puidera facerse algo moi distinto do que se fixo; téñase, ademais, en conta, que a posición dos membros do Consello de Rexencia non propiciaba os cambios máis alá do estrictamente indispensable para comeza-la andadura constitucional, e, do que non me cabe dúbida ningunha, é de que o Decreto I das Cortes foi un punto de partida inexcusable e prudente. Algo distinto e máis complexo será que estes poderes separados asuman tamén distintas funcións.*

# IV SOBRE A NECESIDADE DE ABOLI-LOS SEÑORIOS



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

## IV. CAPÍTULO TERCEIRO: SOBRE A NECESIDADE DE ABOLI-LOS SEÑORÍOS.

### 1.- A danza de Rexentes.

O certo é que, á feliz circunstancia de que o Rei estivera ausente, uniuse a non tan feliz dunha sucesión de Rexencias que en nada contribuíron a inicia-los traballos parlamentarios. Os incidentes provocados polas distintas Rexencias foron moitos e variados diante da firmeza duns parlamentarios que non decaeron na súa teima de representar á soberanía nacional. Non é tema para este traballo [64] pero baste dicir que, amén da pechada posición do bispo de Ourense, ó que xa me referín no capítulo anterior, houbo algún Rexente, o Marqués de Palacio, que resultou arrestado no corpo de garda das Cortes, para comprender que o primeiro e principal problema daquelas Cortes Constituíntes eran as súas discrepancias cun poder executivo, que mantiña unha visión do poder propia do Estado Absoluto. Mentres os deputados, ou cando menos a maioría, pretendían a supremacía do Parlamento; os Rexentes sentíanse depositarios dos poderes tradicionais da Monarquía absoluta.

Aínda que era novidoso na nosa Historia Política, non era nada estraño: o poder que tivo tódolos poderes mostrábase remiso a cedelos a un grupo de deputados que pretendían limitalos. Ficaron para a nosa tradicional visión do Goberno e da Administración estas tensións, e por iso hoxe podemos dicir que temos, ás portas do ano 2000, un estado de dereito cunha recta separación de poderes, pero cunha torcida división de funcións. A Historia, sempre mestra, amósanos cómo as institucións son un agregado de elementos inseparable da súa cronoloxía.

Mentres estas disputas ocorrían en Cádiz, o país seguía en guerra e a Illa de León era o rompeolas das dúas Españas, as dos dous hemisferios. E ... unha Comisión das Cortes encargábase de redactar unha Constitución liberal para un Estado que seguía firmemente ancorado ó absolutismo.

### 2.- Alonso López, un consecuente abolicionista.

A elaboración da Constitución e as disputas dos deputados coas sucesivas Rexencias son o marco que envolve unha das primeiras intervencións de Alonso López. Nin formaba parte da Comisión constitucional, nin consta que manifestara a súa discrepancia de forma expresa coa Rexencia; sen embargo, si que fica claro que a revolución burguesa, ademais de pronunciamentos formais, como os xa citados de setembro de 1810, non podía coexistir coos poderes xurisdiccionais e territoriais da nobreza e do clero.

Resumía un deputado catalán, Sr. Valle, con frase rotunda o sentimento dos pobos suxeitos a señorío "*Los que tengo el honor de representar anhelan ser tan solo súbditos de S.M.*" [65]. E hai que convir que a recente proclamada Soberanía Nacional compadecíase mal cos señoríos territoriais, e a División de Poderes aínda peor cos xurisdiccionais [66]. Quizais certa impaciencia dominaba xa a algúns deputados liberais que vían como todo cambiaba pero que a realidade seguía a se-la mesma.

O pensamento liberal en Galicia acadara xa unha certa madureza, algúns liberais, como vimos, incorporáranse ós órganos de poder durante a invasión francesa, por iso non é de estrañar que cando o 30 de marzo de 1811, o deputado Sr. Lloret propón que se reintegren á Coroa tódalas xurisdiccións, adheriranse os deputados Bahamonde -que representaba á provincia de Tui-, Villanueva e Caneja.

Pero non será ata a sesión do 1 de xuño de 1811 cando o deputado que representaba á Xunta Galega, prosiga no Pleno das Cortes un debate sobre este espiñoso asunto que concentraba en si mesmo tódalas contradiccións do Antigo Réxime [67]. Di literalmente o Diario de Sesións:

"*El Sr. Alonso y López presentó el siguiente papel*:

> "*Señor, aunque V.M. haya de declarar en la Constitucion que se está formando para la Monarquía la precisión de hacer*

[64]. *Remítome por todos a MORÁN ORTÍ, M.: "poder y Gobierno en las Cortes de Cádiz", ed. Universidad de Navarra, 1986, p.p. 59 e ss. Na p.p. 325 reproduce os membros das distintas rexencias e os seus períodos: 1ª.* ***Rexencia Soberana*** *(31-1-1810 a 28-10.1810): Pedro Quevedo y Quintano, bispo de Ourense, renuncióu o 25 de setembro; Francisco Javier Castaños; Antonio Escaño; Francisco Saavedra; Esteban Fernández de León, non chegóu a tomar posesión e foi sustituido por outro americano Miguel de Lardizabal. 2ª.* ***Consello de Rexencia Provisional*** *(28-10-1810 a 21-1-1812): Marqués de Palacio, destituido no acto de toma de posesión; Marqués de Castelar, actuóu como suplente ata a chegada de Ciscar; José Mª Puig Samper, actuóu como suplente de Blake; Pedro de Agar; Joaquín Blake y Joyes e Gabriel Ciscar; 3ª.* ***Rexencia Constitucional*** *(21-1-1812 a 8-3-1813): Duque del Infantado; Juan Mª Villavicencio; Ignacio Rodríguez de Rivas; Joaquín Mosuqera Figueroa; Conde de Abisbal, renuncióu o 29-8-1812, foi sustituido por Juan Pérez Villamil. 4ª.* ***Rexencia*** *(8-3-1813 a 10-5-1814): Luis de Borbón; Pedro de Agar e Gabriel Ciscar.*

[65]. *Sesión de 23 de xuño de 1811.*

[66]. *Vid. DE-CAL Y CORTINA R.M.G.: "Nacimiento y consolidación....", op. cit., p.p. 99 e ss.*

*reversibles á la Corona las enagenaciones con que está defraudada, me parece indispensable que el exámen de esta declaracion y el de las reglas legales que han de practicarla después, sean simultáneas, sin la menor intermision de tiempo, á fin de restituir cuanto antes á la Nacion los valores de tributos enagenados que tanto se necesitan en el dia para concluir nuestra defensa y para consolidar nuestra forma esta necesidad no impele á hacer las exposiciones y proposiciones siguientes:*

*Así como de la reunion de V. M. ha de resultar la independencia y libertad nacional, del mismo modo se ha de verificar el restablecimiento y estabilidad de los derechos del ciudadano español, recobrando al mismo tiempo todo cuanto tiene separado de la Corona la usurpacion y la enagenacion contemplada. La desmedida liberalidad de nuestros Reyes pasados á favor de sus codiciosos favoritos, y la avaricia y desarreglo de los gobernadores del Reino en la menor edad de nuestros Monarcas, han separado del patrimonio de la Corona grandes prédios, fincas y derechos de mucho valor, enagenados por ventas mal preciadas, adjudicados por donaciones y mercedes caprichosas, y usurpados por manejos fraudulentos al escondite de la ley. En varias épocas se clamó por el recobro de estas pertenencias á la Corona; y aunque algo llegó á hacerse reversible, existe todavía enagenado lo mas pingüe é interesante de estos prédios y fincas.*

*Entre las muchas causas reunidas que tanto han contribuido á la decadencia de nuestra prosperidad nacional, ha sido una de las más eficaces la enagenacion de muchos derechos pertenecientes al Real patrimonio, como lo manifestó á Felipe III el Consejo de Castilla en su informe de 1 de Febrero de 1619. Esta riqueza así enagenada y desmembrada del Erario público, consiste en los derechos de los tributos de tercias Reales, talla, vasallage, yantares, martinegas, escribanías, portazgos, montazgos, pontages, peages, pasages, rodas, asaduras, castillerías, borras, vareages y otros de esta naturaleza anejos á la Corona, que se cobrarban antes á favor de la Real Hacienda, y que gozan aún muchos agraciados y corporaciones particulares por sus privilegios indebidamente adquiridos y mal concedidos, porque en la enagenacion ó merced del prédio ó finca ha sido envuelto el derecho de cobro del tributo, mediante á que "ge lo dió (el Rey) con todos los pechos et con todas las rentas que á élsolien dar et facer," dice la Ley 9.ª del título IV de la 5.ª Partida.*

*Estos derechos deben volver ahora á formar lo masa de ingresos pecuniarios de la Corona para ocurrir á las necesidades de nuestra defensa, porque ni debieron enagenarse, ni podia dejar de declararse nula la enagenación cuando la Nación recobrase sus legítimos fueron políticos, civiles y sociales. Esta reversion está autorizada por nuestras mismas leyes antiguas, las que indican los varios casos en que deben anularse legalmente las mercedes, donaciones y enagenaciones hechas por los Reyes ó por sus tutores. En el año 1423 declaró D. Juan II "que no tengan efecto las mercedes y privilegios Reales, sin que estén anotados en los libros de la Contaduría mayor, sean cuales fueren las cartas, albalaes y privilegios que tengan los agraciados en su poder," según los expresa la Ley 2.ª del título V del libro sel libro 3.º de la Novísima Recopilación. D. Enrique IV también declaró en el año 1455 "que no sea valida ninguna de estas mercedes, si fuese hecha en tiempo de tutoría de los Reyes" como lo dice la ley 6.ª del mismo título y libro citado. En 1480 declaró del mismo modo D. Fernando y Doña Isabel, según esté escrito en la ley 10 del mismo*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

*[67]. É necesario lembrar que a Constitución debatíase na Comisión Constitucional e que ata ise intre, xuño de 1811, aínda non se debatira no seu seno o réxime municipal. Este punto é un extremo moi importante porque é probable que ó debatir a finais de 1811 se tivera en conta aquello xa acordado sobre os señoríos. Non esquezamos que os rexedores dos Concellos do Antigo Réxime elixíanse polos señores seculares e eclesiásticos.*




*Título V, y libro 3.° de la Novísima Recopilación "que las mercedes que se hicieron por sola voluntad de los Reyes, que se pueden del todo revocar; las que se hicieron por intercesiones de privados ó de otras personas, si antes o despues no hubiere otro merecimiento ni servicios, se revoquen del todo; lo que se compró por pequeños precios, puédese quitar; pero dé beselas hacer alguna enmienda por lo que dieron por ellas: lo que se hubo por albalaes falsas o firmadas en blanco, muy justo es que se les quite."*

*No pueden ser pequeños los valores de tales enagenaciones si atendemos al número de privilegiados que gozan fueros de señorío en la Monarquía. Entre los 20.428 estados de esta clase que comprende la Península y sus islas adyacentes, hay solamente 6.620 señoríos Reales ó de la Corona; los 13.808 restantes están enagenados, formando señoríos seculares, eclesiásticos y de órdenes militares. Esta enagenacion no se extendió en todas las provincias del Reino. El partido de Vizcaya, sus Encartaciones, las poblaciones de Sierra-Morena, y las islas de Menorca é Ibiza, conservan todos sus señoríos realegndos ó la Corona sin el menor vasallage secular ni abadengo. Es sobre la paciente y laboriosa Galicia en donde se cargaron más las arbitrariedades de estas enagenaciones que tanto pesan sobre su labranza y su industria fabril: de los 3.755 estados de señorío que componían aquel reino, hay 300 solamente que sean de realengos ó de la Corona, y las 3.455 restantes son pertenecientes á seculares, eclesiáticos y órdenes de caballería. En vista de todo esto, propongo:*

*Primero. Que se diga al Consejo de Regencia excite el celo del Consejo de Castilla para que forme por comisión á la mayor brevedad el expediente, que ha de descubrir de estas enagenaciones su naturaleza, sus privilegios y sus poseedores, proponiendo al mismo tiempo las reglas equitativas y legales que han de obrar en estos recobros nacionales, y expecificando las indemnizaciones correspondientes á los despojados, segun el derecho que para ello puedan tener.*

*Segundo. Que se diga también al Consejo de Regencia excite del mismo modo del Ministro de Hacienda para que mande averiguar sin pérdida de tiempo por los intendentes de provincia y otras personas instruidas los derechos de mayor cuantía que en tercias Reales, yantares, escribanías, etc., existen enagenados en sus respectivos territorios, á fin de ingresarlos en el Erario público cuanto antes por medio de la indemnización que parexca justa, para ocurrir prontamente con ellos á las urgencias extremosas del dia.*

*Tercero. Que se destierre sin dilacion del suelo español y de la vista del público el feudalismo de horcas, argollas y otros signos tiránicos é insultantes á la humanidad, que tiene erigido el sistema del dominio feudal en muchos cotos y pueblos de la Península, particularmente en los del reino de Galicia, porque desde la instalación de V.M. no debe ser respetada sino una misma ley, ni tampoco temida más que una misma justicia, pues que repugna á la libertad y grandeza del hombre la existencia de vasallajes instituidos á favor de los vasallos ó súbditos de V.M. y el que existan imperios parciales ingeridos en el imperio nacional, y tal es el espíritu y declaración de la ley 3ª, título XXVI de la Partida 4ª "que ningunt home non puede ser vasallo de dos señores"* [68].

Convén advertir, desde agora, que a proposición do deputado galego non foi admitida a discusión, pero deu lugar a un dos debates máis substanciosos da lexislatura.

---

[68]. *Vid. Diario de Sesións das Cortes Xerais e extraordinarias, sesión de 1 de xuño 1811. O subraiado é noso.*

**3.- A razón política e a abolición de señoríos.**

De "*desvaída e inconcreta*" califica esta intervención de José Alonso Lopez o prof. GARCÍA FERNÁNDEZ [69]. E sen embargo, concreta perfectamente o que o ferrolán viña defendendo desde había moito tempo: en termos políticos a proposta é irreprochable [70]. Non prosperou a letra, pero si o espírito da proposta nun ton moito máis moderado. Era unha proposición eminentemente política que afirmaba os principios liberais. Así, algún deputado recordou, e razóns non lle faltaban, que aínda que "*no hubiera más título que el derecho adquirido en esta guerra por el pueblo español para ser libre del yugo de los señoríos*". A bo seguro era o que latexaba no ánimo de José Alonso López: aqueles que tanto loitaran para defender os seus territorios e dereitos non comprendían que houbera que reintegralos para ser de novo vasalos e non homes libres.

Na mesma sesión o deputado GARCÍA HERREROS dotouó tema do necesario sustento xurídico, mediante "*el pacto de retro*", que reservaba para os posuidores dos señoríos e xurisdiccións o reintegro a que tiveran dereito segundo a lexitimidade dos seus títulos e, por outro lado, como ben quedou de manifesto o prof. ARTOLA deixaba subsistentes os señoríos territoriais. Ben é certo que os señoríos xurisdiccionais quedaron desta forma extinguidos, por incompatibles coa soberanía nacional, "*que no es otra cosa que el pueblo español*". A proposición de GARCÍA HERREROS foi aprobada, non sen provocar un longo e exuberante debate cheo de citas históricas para xustifica-las posturas dos deputados, que concluiría coa aprobación do Decreto LXXXII, do 6 de agosto de 1811 de Incorporación de Señoríos.

Ben di VICETTO que se prosperou a proposición de GARCÍA HERREROS, foi para evita-lo punto máis débil que tiña a de ALONSO LÓPEZ: a remisión ó Consello de Castilla. "*No hay necesidad de que pase al Consejo de Castilla, porque si se manda no se haga novedad hasta que se terminen los expedientes*, jamás se verificará. *Es preciso señalar un término como lo tienen todas las cosas, y no hay que asustarse con la medicina, porque en apuntando el cáncer hay que cortar un poco más arriba*". Fuxían os deputados daquela Administración polisinodial tan lenta como ineficaz do Antigo Réxime.

# VI SOBRE A NECESIDADE DE ARRANXA-LAS CONTRIBUCIÓNS

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

## VI. CAPÍTULO QUINTO: SOBRE A NECESIDADE DE ARRANXA-LAS CONTRIBUCIÓNS.

### 1. Que é a Facenda o alimento do Estado.

A expresiva frase que encabeza este apartado escribiuna o Conde de Floridablanca nun dictame dirixido ó Rei Carlos III [94]. É sumamente indicativa dun pensamento económico que acadou gran difusión entre os ilustrados españois. Os gastos do Estado multiplicáranse co aumento das funcións deste. Ata o S. XVIII os gastos eran fundamentalmente o mantemento da Casa Real e do Exército. Coa Ilustración ábrese paso a un novo modelo de Estado, o ESTADO-PROVIDENCIA, que debe velar polo benestar dos seus súbditos. Os investimentos en obras públicas, ensino etc. serán un revulsivo do noso tradicional e caótico sistema de rendas.

A idea de que os súbditos deben contribuír segundo as súas posibilidades adáptase ó ritmo duns desembolsos que han de ser descargados para destinalos a un gasto productivo.

ALONSO LÓPEZ é un fillo do seu tempo, o seu pensamento económico queda claro na súa obra escrita, á cal nos referiremo máis adiante. Para o noso ferrolán "*Los gastos en tiempo de paz de una nación bien constituida, muy raramente pueden exceder de los ingresos de sus contribuciones ordinarias, porque estas deben estar arregladas á los presupuestos anuales que necesite el gobierno para cubrir las atenciones comunes y permanentes del estado, como son los dispendios de la judicatura, de la fuerza armada y permanente, de los establecimientos de fomento nacional, y de la diplomacia y alto gobierno. Para la aplicación de estos fines ninguna carga es pesada ni ruinosa, cuando el todo de estas instituciones está en su debido arreglo, porque ningún ciudadano puede prescindir de la consideración de que estas cargas son tanto más justas y legítimas, cuanto sobre ellas se funda la existencia y conservación de la sociedad, en la cual por los convenios tácitos sociales cada uno de los individuos que forman esta gran familia, reciben ventajas parciales emanadas de los beneficios generales, y logran de una precisa protección individual dimanada de la unión y fuerza universal*" [95]. Naturalmente, en todo tempo e lugar, para poder gasta-lo erario público ha de ter algún sistema de ingresos, por rudimentario que sexa. Pódese afirmar, sen rubor, que chegado o século XIX o noso sistema tributario -por lle dar un nome moderno- seguía a se-lo caos que xa denunciaran e tanto repugnaba ós nosos Ilustrados: manter guerras sen fin propiciara uns ingresos "ad hoc" que en nada contribuían ó progreso do Estado [96]. ALONSO LÓPEZ era bo coñecedor deste anacrónico sistema tributario, como o amosa na súa obra escrita, concretamente nas súas "*Consideraciones generales sobre la necesidad y usos de las contribuciones*" que evidencian un coñecemento pouco común de tema tan confuso [97].

Pero non era a anarquía, en materia de ingresos, o único que legaran os Austrias, que aínda esta tería algún acomodo na estructura de poder dun Estado non centralizado, senon tamén unha facenda en permanente situación de bancarrota. Como, ben dicía COLMEIRO, xa se sabe "*que un tesoro siempre exhausto es causa de flaqueza, de postración general y de inmediata ruina*" [98].

A Ilustración apostou, en materia fiscal, decidididamente por establecer unha ÚNICA CONTRIBUCIÓN a partir da elaboración dun CATASTRO das propiedades inmobiliarias. Baixo o seu amparo a idea de que os súbditos contribúan segundo as súas posibilidades acada unha enorme vitalidade durante o S. XVIII, especialmente na súa segunda metade. Os modernos

---

[94]. *Dictame do conde de Floridablanca sobre a forma de aumenta-las rendas provinciais". Rev., Hacienda Pública Española, núm. 27, p.p. 31. O dictame está transcrito como apéndice a un artigo de G. ANES. Convén recordar que o Conde de Floridablanca era o Presidente da Xunta Central de Armamento e Defensa.*

[95]. *Vid. ALONSO LÓPEZ, J.: "Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, á favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y á su comarca". Madrid, 1820. Tomo IV, p.p. 249.*

[96]. *Na España dos Austrias os ingresos públicos tiñan tres niveis: a) ingresos estatais, entre os que cabe cita-las rendas xerais (monopolio do sal, o papel selado, dereitos de aduanas e vendas de cargos públicos); as rendas provinciais, tales como a alcabala, os millóns e os centos; os servicios que fundamentalmente se compoñían do servicio ordinario ou extraordinario, o servicio de lanzas e o servicio de cruzada, sen esquecer o recurso á DÉBEDA PÚBLICA. b) os ingresos locais que, basicamente eran os derivados da explotación dos seus bens de propios e os arbitrios. c) os ingresos eclesiásticos, entre os que destacaba o diezmo.*

[97]. *Vid. tomo III da obra de ALONSO LÓPEZ "Consideraciones generales..." p.p. 213 e ss.*

principios da xustiza impositiva estaban definitivamente sementados na sociedade española, porque xa se percibe con certa nitidez que paga a propiedade e non o propietario polo que "*no empece cosa alguna al noble ni oscurece su esplendor, ni toca en su persona exención y libertad... el pagar tanto o cuanto dinero o trigo por razón de la heredad o porque lo debe la heredad no es indecente, no digo a hidalgo, pero ni aún al Rey mismo, ni aún al Papa*"[9].

É evidente que un sistema fiscal sostido por impostos exclusivamente indirectos, e o feito de que ademáis incidiran nos bens de consumo máis necesarios, aumentando artificialmente o seu prezo, non podía, en modo algún, satisface-los desexos reformistas dos ilustrados, que chegaron a converter á "*única contribución*", sobre os bens raíces, no mito de tódalas reformas tributarias.

Os liberais recolleron este testemuño, sen embargo, os bos desexos dalgúns chocaron cos intereses doutros que, finalmente, impuxeron o seu criterio de non facer novidade en materia tributaria. Haberá que agardar a 1845 para que callen algunhas destas ideas en normas de rango legal, pero ello no empece el esfuerzo de ilustrados e liberais que sementaron o seu discurso de nova moralidade: os impostos han ser proporcionados ás necesidades do Estado e estas á capacidade tributaria dos súbditos.

## 2. O sabio arranxo das contribucións.

En consonancia co exposto no parágrafo anterior ALONSO LÓPEZ interveu en diversas ocasións para defender un xusto sistema de rendas. O seu ideario económico-liberal non ficou, pois, limitado á súa obra escrita, as Cortes foron testemuñas de diversas intervencións neste senso. Pouco engadiría a reproducción literal de tódalas súas intervencións nesta materia, que son moitas e, como é lóxico no discurso político dun deputado, inciden sobre as mesmas cuestións. O que interesa é salienta-lo seu ideario político-económico posto de manifesto nalgunhas destas disertacións[10]:

"... *La permanencia de los estados es dependiente de la felicidad y seguridad pública y del respeto exterior, que tengan por base la existencia de buenos tribunales, establecimientos de fomento nacional y todas las partes que componen una fuerza política respetable, para todo lo cual se necesita erario público y contribuciones generales que lo formen de tal manera que haya una proporción entre los recursos que han de producir las contribuciones y las necesidad sociales; sin cuya precisión la sociedad muy pronto desfallece y cesa de existir. Los incidentes que se presentaron en la política general de las naciones obligan á los gobiernos á separarse muy á menudo de esta regla razonable, ya sea por los acontecimientos de una guerra sostenida, ó ya por los convenios de una neutralidad armada ó por forzosas estipulaciones diplomáticas que hacen más numerosas y más angustiadas las facultades de los contribuyentes.*

*Los errores políticos y el desarreglo de los gobiernos, son las causas más destructoras de la prosperidad pública de los estados, y los instrumentos más activos para empobrecer á los pueblos hundiéndolos en enormes deudas individuales y generales de toda la sociedad.*

*... [Es necesario] extirpar cuanto antes los vicios que apoyan los desórdenes de la nación, y que la tienen tan lastimosamente empobrecida implorando la autoridad del Congreso para que alivie los males que sufren los pueblos por medio de un* sabio arreglo de las contribuciones. *Se individualizan los visibles defectos que tienen todos los ramos que componen nuestro actual sistema de rentas, haciendo ver la desproporción con que sale gravado el menestral ó jornalero*

[8]. *Sobre este tema pódese ver de DOMÍNGUEZ ORTIZ, A.: "Política y Hacienda de Felipe IV", Madrid 1960.*

[9]. *Vid. de Fray José de San Francisco "Pechas vindicadas de Navarra", Pamplona 1766.*

[10]. *Neste senso interveu nas seguintes sesións: 21 de xaneiro de 1811; 28 de febreiro de 1811; 10 de novembro de 1811; 19 de decembro de 1811; 9 de xaneiro de 1812; 25 de febreiro de 1812; 1 de febreiro de 1813; 16 de febreiro de 1813; e 19 de xullo de 1813.*

*respecto del hombre acomodado ú opulento, tanto en las contribuciones sobre consumos de primera necesidad como los precisos artículos de rentas estancados y otras de igual naturaleza. Desvanece la esperanza de poder remediarse los desaciertos de esta desproporcionalidad y de todos los vicios de las rentas instituidas, con los recursos de reformas parciales y paliadas que tengan por base el mismo sistema monstruoso de institución y clama porque se establezca el método de encabezados suprimiendo toda la complicada diversidad de las contribuciones que están desollando á los pueblos sin beneficio del erario. Para probar las ventajas de este método y establecer con él, en lo que sea posible, una justa proporción en los pagos contributivos á favor de las facultades del pobre jornalero ó industrioso, divide el número de contribuyentes y las riquezas numerarias de la Sociedad en 15 clases distribuidas estadísticamente por un cierto orden progresivo o serie numeral de personas y fortunas desde la máxima á la mínima"*[10].

Remataría propoñendo que se encabezase o reino de Galicia pola cantidade líquida que quedara a beneficio do erario no último quinquenio.

En sesión do 9 de xaneiro de 1812, reitera a súa preocupación polo tema facendístico:

*"Señor, siendo visible que los esfuerzos de V.M. se dirigen con mucho afan á salvar a la Pátria y á reformar desórdenes, me valgo de esta consideracion para recordar á V.M. que aun gimen los pueblos bajo el peso insoportable del monstruoso sistema que los está oprimiendo desde hace tiempo, y aun siguen atormentados por la multiplicidad de dependientes rentistas,que como bandadas de inficionadas estiges están chupando la sangre del Estado, haciéndolo cada dia más cadavérica. Desde muy al principio de la reunion de V.M., clamé por la necesidad de reformar las rentas provinciales, asegurando el importe de su recaudo en el método de encabezados; y aunque V.M. se mostró sensible á mis clamores, recomendando al Gobierno mis ideas, para que las apreciase, y promoviendo el reglamento de juntas provinciales igual precision, nada se ha realizado aun por falta de espíritu emprendedor, y por la fatalidad con que detestan nuestros mejores empeños en instituir útiles novedades y en desterrar los mas inveterados perjuicios. Al disolverse V.M., y reintegrarse en el seno social de sus comitentes, ¿qué respuestas podrán darse á las reconvenciones tan amargas que se escucharán de todas partes por dejar aun establecido en su vicioso curso el monstruoso sistema de rentas que tanto descuella y aniquila á los pueblos?.*

*La precisa economía en gastos desordenados, y el alivio de los contribuyentes en sus pagos reglamentarios y extraordinarios exige la necesidad de mirar con ojo severo y airado todo cuanto se oponga á reformar vicios radicados, cuya continuacion está siempre apoyada de dificultades estudiadas, que imagina el interés personal y el espíritu de corporacion: no pueden ser otros los estorbos que impiden el establecimiento de encabezados, y sus beneficiosas ventajas, porque su institucion desecha devoradores, y su repulsa los conserva devorando. Desentendámonos, Señor, de una vez de estos ardides y contemplaciones; aliviense los pueblos cuanto antes de las vejaciones que los oprimen, aunque no sea sino con un sistema provisional de recaudo, mientras que no se estudia y establece el sistema general de rentas que ha de regir en la Monarquía: no se pierda de vista la urgencia en que nos hallamos de economizar sueldos, gastos, dilapidaciones y brazos varoniles que aumenten nuestra defensa y nuestro amortiguado fomento pátrio; estimúlase*

[10]. *Sesión de 21 de xaneiro de 1811. Vid. Diario de Sesións.*

*al Gobierno para que pulsando nuestras necesidades, y las aflicciones de los pueblos, excite la eficacia de las Juntas provinciales al efecto de que se establezca cuanto antes y por ahora los encabezados como se les tiene encargado; y discúrrase, en fin, un equivalente de contribucion de las rentas estancadas que cubra el importe recaudado de los últimos quinquenios prósperos, para que declarando comerciables todos los artículos, pueda el industrioso aumentar su fortuna sin impedimentos y sin estafas, y lograrse en el Tesoro público las ventajas que son consiguientes á una tan beneficiosa institucion. Reparemos, para no retardar un momento la declaracion que indico, y poder aspirar al logro de estos deseos, que las rentas estancadas absorbian atrás en gastos y sueldos de sus dependientes unos 123 millones de reales sobre una recaudacion de 278 millones, así como los 50 millones que producían las cinco rentillas de azogue, azufre, pólvora, plomo y naipes, quedaban 33 millones disipados entre las manos administrativas, porque parece que no fueron erigidos los sistemas monstruosos de su exaccion sino para servir de patrimonio dilapidador á un cierto número de individuos y corporaciones que afianzasen su subsistencia sobre la agotada sangre del público.*

*Así como el consumo de varios artículos estancados en América acaba de recibir de manos de V.M. una nueva forma ventajosa á los intereses de aquellos moradores y del Erario; y así como el ramo del tabaco espera obtener iguales beneficios si se aprueba el dictamen de la comision de Hacienda sobre este particular, del mismo modo esperamos lograr los moradores de la Península los saludables efectos de una tan bien acertada declaracion de V.M. si tambien se generaliza en nuestras provincias europeas para el efecto de asegurar pingües ingresos al Erario, y proporcionar ventajas beneficiosas al consumidor, al cultivador y vendedor, cualquiera que sea el artículo que se consuma. Confiado en estos buenos resultados, y convencido de que V.M. solo desea lo mejor y más conveniente á la felicidad nacional, propongo y espero de V.M. las providencias que indican las proposiciones siguientes:*

*Primera. Que se diga al Consejo de Regencia proponga á Vuestra Majestad los medios más oportunos que deben adoptarse para remover los obstáculos que se opongan á los conatos de las juntas provinciales, en orden al pronto desempeño que previene el artículo 61 de su reglamento, relativo al establecimiento de encabezados con que se economizan sueldos, gastos, empleados y evitan dilapidaciones en beneficio del alivio de los pueblos y aumento del erario.*

*Segunda. Que se diga tambien al Consejo de Regencia propoga á V.M. los arbitrios que puedan subrogarse al recaudo del impuesto de lo producido por las rentillas en los últimos quinquenios, á fin de que, suprimidos y declarados comerciables los artículos a que las componen, tenga el erario los ingresos que producían, sin necesidad del pago de sueldos, de gastos, ni de ocupar dependientes que pueden emplearse en el fomento patrio y defensa nacional.*

*Tercero. Que estando Galicia sin sal de su producción, sin embargo de haberla tenido en otros tiempos, y viéndose precisados sus moradores en la presente época á consumidor mucha sal extranjera, porque el Gobierno no siempre pudo enviar á aquella provincia los surtidos necesarios, propongo se declare comerciable en aquel Reino el artículo estancado, repartiendo por encabezados lo que producía su venta al erario en el último quinquenio; con lo que, mientras no se establece el sistema general de rentas de la monarquía, podía respirar Galicia algun tanto de sus angustiados ahogos pecuniarios, con el alivio de sobrecargos contributivos para pagar gastos y sueldos de los empleados que ocupa este ramo de rentas, y tendrán tambien la certeza los gallegos de que no han de carecer de sal en lo adelante, si la laborean en su propio suelo, como es de esperar, ó si se franquea su importación y venta á las libres especulaciones mercantiles".*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

### 3. O alivio dos contribuíntes: desestanco e concertos.

Sempre foi cuestión dificultosa recadar impostos, pero non deixa o noso deputado de sorprender polos seus coñecementos en materias tan diversas, que tiñan en común a súa directa conexión co interese xeral. Dous temas merecen salientarse destas intervencións parlamentarias: a cuestión dos encabezados e a venta de productos estancados.

É evidente que, dada a situación do país, non era o momento propicio para facer novidade dos tributos, pero si deixa claro ALONSO LÓPEZ que o sistema de rendas ha ser modificado cando a Constitución primeiro, e a paz despois, permitan o seu estudio sosegado. O intricado e anárquico dun sistema de ingresos, herdado dos Austrias, impedía, de momento, unha reforma xeral. O que pide ALONSO LÓPEZ son dúas reformas puntuais para mellora-la situación da poboación, en especial da poboación galega máis necesitada.

O sal era un producto estancado de primeira necesidade en Galicia, ás súas indubidables calidades de aderezo culinario, súmase o feito fundamental da súa necesidade para conserva-los alimentos de xeito duradeiro. O estanco é un contrato ou asento polo cal se concede ou se reserva ó Rei o monopolio da súa fabricación e venda, autorizando só a venda ó por menor do producto. Outros productos estancados eran o tabaco, os naipes e a neve [102]. O 27 de abril de 1812 a Xunta galega insta a ALONSO LÓPEZ sobre a posibilidade de surtir a Galicia con sal procedente de Cádiz, para evita-lo contabando con Portugal. O deputado ferrolán en xullo de 1812 comprométese a realizar esta xestión.

A cuestión dos encabezados era tema que tamén preocupara ós ilustrados, e que os liberais recollen na súa exposición fiscal, xa que como fórmula de recadación, que non afectaba no substantivo ós tributos, semellaba aforrarse numerosos intermediarios entre o Estado e os contribuíntes. Hoxe chamaríamoslle sistema de Concerto, semellante ó que disfrutan o País Vasco e Navarra e que consagra a vixente Constitución de 1978.

A novidade que introduce ALONSO LÓPEZ é o encabezamento para o Reino de Galicia, non para determinados Concellos como era o habitual, crearía un réxime de Concerto para Galicia que recadaría os seus propios tributos aportando a cantidade que indica súa intervención á Facenda real.

Na súa obra "Consideraciones ..." sae a defende-la recadación por medio do encabezamento e así, di: "*Las rentas de las tres primeras divisiones se han recaudado en diferentes épocas de tres distintos modos por encabezamientos generales con el reino, ó particulares con los pueblos, por arrendamiento, y por administracion. El primer modo y que solo fue aplicable á las rentas provinciales, era el más seguro, el menos costoso, y el más útil en general para los contribuyentes, porque la cantidad asignada llegaba íntegra á los fondos públicos, el gasto de su exaccion no pasaba de un 6% que se abonaba á las justicias por el trabajo y riesgo del repartimiento, cobranza y conduccion á la capital del partido ó provincia, y los pueblos estaban libres con esto de las vejaciones y estafas de los recaudadores por arrendamiento ó administracion*".

As Cortes en setembro de 1813 suprimiron as rendas xerais e as estancadas, pero de pouco serviu porque en 1814, como, é ben sabido, as cousas volveron ó estado no cal se atopaban en 1808.

### 4. A supresión do voto a Santiago.

En sesión do 25 de febreiro de 1812, admitíronse a discusión e pasaron á comisión de Xustiza as proposicións seguintes:

> "*Señor, como la justicia es el atributo más visible de la soberanía que brilla en este Congreso, apelo a esta virtud conocida para el logro de una justa pretension á favor de nuestras necesidades y del pueblo gallego. No es justo, Señor, que se empobrezca por desfalcos indebidos aquél que no está comprometido á ello ni por la ley ni por la razón: no es justo se tributen*

Ateneo Ferrolán

[102]. *O sal, patrimonio real desde o século XVI, constituía un dos estancos fundamentais, polo que todo o proceso de fabricación e comercialización estaba sometido a un control moi rigoroso. Cada salina abastecía a un territorio claramente delimitado, no cal existían alfolíes (almacéns ó por maior) e toldos (tendas ó por menor), que se surtían daqueles. Alfolieros e tolderos tiñan a obriga de levar libros-rexistros onde deberían quedar anotadas tódalas entradas e saídas, sinalando data, comprador e cantidade suministrada. Vid. de BAUDILIO BARREIRO "La Coruña 1752, según las respuestas del Catastro de Ensenada", ed. Tabapress, 1990. Tamén vid. o glosario de termos que acompaña ó libro de A. EIRAS ROEL "Santiago de Compostela 1752. Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada", ed. Tabapress, Madrid 1990, p.p. 182.*

*obsequios y ofrecimientos ajenos por los que no se ofrecieron ni declararon con tal obligación; y no es justo, en fin, se obligue á cumplir votos ni devociones pecuniarias sino á aquellos que se comprometieron al desempeño de tales promesas. Don Felipe IV, en nombre suyo y en el de los Reyes sus sucesores, ha tenido la devoción de ofrecer y mandar obsequiar perpétuamente todos los años al Apóstol Santiago con la cantidad de mil escudos de oro, asignando además cien ducados para gastos del encargado que presentase anualmente en la Iglesia del Santo Apóstol esta promesa pecuniaria: lib. I, tit. I, ley XV, Novísima Recopilación.*

*Aunque la recta justicia debió dictar a este Rey y á sus sucesores la precisión de cumplir una tal promesa y obsequio de su propio y particular peculio, la arbitrariedad, la inconsideración y el desorden trasladaron la carga de este ofrecimiento pecuniario sobre la extenuada existencia del pueblo, sobre las contribuciones del pueblo gallego, los recaudos de la renta de millones con que tanto se sacrifica á la paciente y sobrecargada Galicia.*

*Esta impropiedad arbitraria, tan digna de reparo, subsiste aún en aquella provincia, á pesar de las calamidades que la abruman, como si los gallegos hubiesen heredado el tesoro particular de Felipi IV, ó el de los Reyes que le han sucedido, para verse aún ahora obligados al cumplimiento de una tal devoción testamentaria que de justicia debió suprimirse desde el instante que se consignó su obligación sobre los pueblos de Galicia. El muy reverendo Arzobispo de Santiago y su ilustre Cabildo, no pueden repugnar la justa supresión del pago de esta promesa pecuniaria, cargada indebidamente sobre la indigencia gallega, porque la renta de cinco millones y medio de reales que disfruta aquel Prelado en los años prósperos, y á proporción los canónigos, No deben hacerles llorar la pérdida distributiva de mil escudos de oro cada año, y mucho menos si, revestidos de la virtud y compasión cristiana que caracteriza á aquellos dignos eclesiásticos echan una caritativa ojeada sobre las cuitas de la patria, y renuevan en su memoria aquella sentencia de Séneca: Magnus est ille, qui in divitis pauper est.*

*En vista de esto, hago las proposiciones siguientes:*

*Primera. Que la Comisión de Justicia esamine cunato llevo expuesto, informando y proponiendo después á V.M. lo que estime justo en orden á la supresión de esta carga ajena, que gravita indebidamente sobre los gallegos, la cual, en mi entender, debió ser soportada desde un principio por Felipe IV y sus sucesores, como que son, en mi juicio los verdaderamente obligados á esta devota contribución, y no otra persona distinta ni pueblos de la Monarquía.*

*Segunda. Que teniendo espendido indebidamente Galicia la suma de unos siete millones de reales en el pago de esta devota oferta ajena, informe la misma Comisión de Justicia á V.M. si hay algún derecho para hacer reintegrar á los fondos de aquel Reino estos desfalcos, á fin de aplicar su cantidad á las urgencias de la presente guerra, quedando de todos modos expedito su derecho á los comprendidos en el desembolso de este reintegro, para reclamar dicha suma, si lo tienen por conveniente, á los sucesores de Felipe IV, únicos deudores, á mi parecer, de la expresada devota promesa"*

## 5. Os despropósitos dun sistema de rendas.

Nesta intervención do deputado ferrolán pon de manifesto a fina ironía dos naturais de Galicia; sen expresar formalmente a súa oposición ó pago dun tributo que se pagaba á Igrexa Compostelá, á que tan enfrontados estaban os liberais galegos. Defende a tese, nada estrambótica, de que quen debe pagalo é quen llo ofreceu: Felipe IV e os seus sucesores. Non di, se,

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

extinguida a dinastía dos Austrias, deberan se-los Borbóns os que continúen coa ofrenda, xa que estes terían a mesma "*excusatio*" que o propio ALONSO LÓPEZ defendía para os galegos. Desde logo, é a máis irónica das súas intervencións parlamentarias, e ponnos en contacto cun home distinto, capaz de escribir, seguindo a acrisolada tradición galega, en termos que produzan o efecto perseguido sen enfrontarse directamente co seu oponente.

O voto de Santiago era un tributo que os labregos pagaban á vez que o dezmo e a primicia en favor da Santa Igrexa do Apóstol en Santiago. A cota variaba duns lugares a outros, determinándose xeralmente en función dos froitos colleitados a partir duns mínimos exentos. Chegados a determinado nivel de colleita, tampouco aumentaba o voto para o labrego. Ás veces establecíase en proporción ós pares de bois ou bestas de labranza que se posuían [105].

Como se entende era un tributo moi contestado polos labregos galegos por isto, cando se aboliu polas Cortes de Cádiz, foi recibido coa lóxica satisfacción. O editor do periódico "*El Ciudadano por la Constitución*" manifestaba "*la pluma no puede no puede pintar los innumerables bienes que la abolicion del Voto de Santiago, decretada por las Cortes Generales y Extraordinarias de la nacion, en la sesion de 14 de octubre, proporciona á los labradores de las diferentes provincias y obispados, que pagaban esta gabela tan injusta como ilegal y tiránica. Loor eterno a los 85 diputados que han sabido defender con entereza los derechos de la nacion que representan. La posteridad agradecida bendecirá sus patrióticos esfuerzos ....*" [106].

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

[105]. *Vid. BARREIRO, B.: "La Coruña 1752 ...", ed. Tabapress, Madrid 1990, p.p. 222.. En idéntico senso pódese ver de EIRAS ROEL A.: "Santiago de Compostela 1752 ...", ed. Tabapress, Madrid 1990, p.p. 190.*

[106]. *Vid. "El ciudadano ..."coordinada por Mª R. SAURÍN DE LA ROSA, op. cit., p.p. 103 do tomo I.*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

# VII SOBRE A NECESIDADE DE CUMPRI-LO ACORDADO

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

## VII. CAPÍTULO SEXTO: SOBRE COMO CONTRIBUÍR A UNHA CONSTITUCIÓN LIBERAL.

### 1. Os xustos e benéficos fillos da Patria.

O proxecto de Constitución, como teño dito, foi elaborado nunha Comisión que *"no comenzó en serio sus trabajos hasta el mes de marzo [de 1811], utilizando como texto base el proyecto elaborado por Antonio Sanz Romanillos"*, antigo afrancesado que traballaba baixo a supervisión de JOVELLANOS [107]. O 4 de febreiro de 1811 ALONSO LÓPEZ reclama con enerxía que se aceleren os traballos da Constitución, propoñendo que diversas comisións se encargasen de cantos títulos había de comprender. Comisións que deberían estar formadas por tres individuos "*pues siendo más se trabaja menos, se discurre con menos afán y se reunen con embarazo, sin que esto sea impeditivo á que cada comision asocie á si las luces de todos los sujetos inteligentes que halle oportuno...*" [108].

Con comedido entusiasmo o 25 de agosto de 1811 chegou o feliz día no cal se comezóu a discuti-lo proxecto formado para o arranxo e mellora da Constitución política da Nación española, e puxeron "*la primera piedra del magnífico edificio que ha de servir para para salvar á nuestra afligida Pátria, y hacer la felicidad de la Nacion entera, abriéndonos un nuevo camino de gloria*" [109].

Será, certamente, un edificio magnífico e seguiremos o noso camiño salientando as aportacións ó mesmo, daquel home xusto e benéfico que representou con coñecemento e lealdade a unha GALICIA esperanzada.

### 2. Do xeito de formarse as Cortes.

O número de deputados que compoñían as Cortes era variable, un por cada 70.000 almas, con algunhas matizacións: se resultase un exceso de máis de 35.000 almas elexirase un deputado máis, se houbese algunha provincia cunha poboación que non chegue a 70.000 almas, pero non baixara de 60.000, elixirá un deputado e, se baixara, unirase á inmediata para completa-lo número requerido. A illa de Santo Domingo nomearía un deputado calquera que fose a súa poboación.

É por iso que o número de deputados sería sempre variable, en razón da poboación das provincias. ALONSO LÓPEZ manifestaba a súa opinión contraria a esta fórmula de determinación do número de representantes dos pobos, confiaba no aumento da poboación e temía que se chegase a formar unha Cámara excesivamente numerosa *"embarazosa, perjudicial á las deliberaciones y costosísima á los pueblos"*. Do mesmo xeito, en caso contrario, se a poboación fora excesivamente reducida, o número de deputados tamén sería insuficiente. Graduaba o número axeitado de deputados en 330, que debían proceder uns 100 ou 150 de Ultramar e outros 100 ou 150 da Península [110]."

A Constitución non recolleu a proposta do deputado galego, deixando o número de deputados ó devir da poboación de ambos hemisferios.

### 3. Os vicios dunha Administración polisinodial.

Dicía o art. 236 da Constitución ( no proxecto 235 ) : "*El Consejo de Estado es el único Consejo del Rey, que oirá su dictamen en los asuntos graves gubernativos que, y señaladamente para dar o negar la sanción de las leyes, declarar la guerra y hacer los Tratados*".

O deputado galego fiábase pouco da actuación dos Consellos, foran unha das carcomas da Administración do Antigo Réxime, por iso, aínda que se reducira a un, ese non debía rouba-la súa opinión ó coñecemento do parlamento. "*...parece conveniente que éstos manifiesten anualmente á las Cortes un resumen de los dictámenes que hubieren dado al Rey en los negocios en que les haya pedido consejo y que no sean de naturaleza reservada, con lo cual se logran dos ventajas á mi parecer muy apreciables: primera, se informa la Nacion con certeza de los desvelos paternales del monarca para dar impulsos activos al fomento y educación nacional, y para procurar respeto y brillantez al Estado entre las potencias extranjeras; y segunda, se adquiere también con esto un conocimiento público, para ser agradecido, del laudable proceder del Consejo en sus esfuerzos de ciencia de estado para aconsejar al Rey lo más justo, lo más decoroso y lo más conducente á la felicidad nacional...*".

---

107. *Vid. de MORÁN ORTÍ, M.: "Poder y gobierno...", op. cit., p.p. 165.*

108. *Vid. intervención na sesión do 4 de febreiro de 1811.*

109. *Vid. a intervención do Presidente das Cortes na sesión do 25 de agosto de 1811.*

110. *É curioso que a nosa Constitución de 1978 establezca o número de deputados do Congreso entre 300 e 400. A clarividencia política do ferrolán é certamente admirable.*

Polo anterior, propuxo que se engadira un artigo do tenor literal seguinte: "*El Consejo de Estado presentará anualmente al conocimiento de las Cortes, cuando se congreguen, un resumen de los dictámenes de naturaleza no reservada, que hubiese dado al Rey sobre las materias que pasaron á ser ilustradas por este cuerpo*"[111].

Non se admitiu este artigo, que sería unha excelente e nada conflictiva forma de control do Parlamento sobre o Rei. Non chegaran os tempos para eses cambios.

**4. O que consulta dubida, e aquel que aconsella afirma.**

Os Conselleiros de Estado foran, tacitamente, declarados inviolables e sen a menor responsabilidade polo exercicio das súas funcións, parecíalle a ALONSO LÓPEZ que algún instrumento xurídico deberíase articular para evitar que os seus consellos puideran ser interesados, non polo ben común, senón polo particular. "*Los consejeros de Estado ni dan providencias ni las cumplen; sólo dan consejos al Rey, ilustrando proposiciones ó deseos que se le pasan para recibir su dictamen; y quedando estas atribuciones inviolables y siempre en secreto, pueden alguna vez ser funestas al estado. No perdamos de vista cuan á menudo se verifica lo que dice Cicerón: Abfuit virtus ab oculis fori et curiae ... El que consulta duda, y aquel que aconseja afirma: la primera de estas funciones intelectuales no es más que un anuncio equívoco del deseo; pero la segunda es una emanación posible de la voluntad. Acordémonos de lo acaecido no ha muchos días en el Consejo Real, y reflexionemos en vista de esto sobre las contingencias que pueden sobrevenir de que el Consejo de Estado quede responsable á sí mismo, encerrado en sí mismo lo que aconseje al Rey, sin que la Nacion tenga el menor conocimiento. Todo lo cual pongo en consideración de V.M.*"[112].

Sabio razoamento adiantado en tempo e lugar.

**5. A recta administración de xustiza.**

Aprobárase o art. 271 ( 270 do proxecto) que dicía "*Se determinará por leyes y reglamentos especiales el número de los magistrados de las Audiencias, que no podrán ser menos que siete, la forma de estos Tribunales y el lugar de su residencia.*"

O deputado galego na sesión do 4 de decembro de 1811, manifestaba que "*siendo muy comunes las vejaciones y arbitrariedades con que se empobrece á los pueblos por falta de recta justicia de parte de los jueces y otros indivíduos que ejercen autoridad, y no pudiendo el pobre ni el desvalido lograr dar curso ni consuelo á sus quejas, porque le arredra la consideración de que será n nulos sus esfuerzos, mediante á que tienen que luchar con hombres de conveniencias, que por la autoridad que ejercen y por sus conexiones con los indivíduos de las Audiencias sofocan la más justa razón y los más agudos clamores, me parece que sería muy conveniente establecer la precisión de observar de cerca la conducta de los jueces de los pueblos y demás indivíduos de judicatura, por medio de visitas practicadas oportunamente por los Ministros de las Audiencias respectivas... Por autos acordados del Consejo, á consulta del Rey, en Diciembre de 1567, y en enero de 1572, se ordenó que uno de los alcaldes de la Audiencia de Galicia anduviese y visitara oportunamente aquel reino, é hiciera justicia á los que ante él la pidieran...*".

Por iso propuxo que se engadira ó artigo 270 que "*El desempeño de los jueces de los pueblos en la administración de justicia será visitado personalmente por ministros de las Audiencias respectivas en los tiempos del año, modo y forma que las leyes determinaren*". Non foi admitida a discusión esta proposta.

En sesión do 26 de decembro propuxo que os "os maxistrados e xuíces presten xuramento ó tomar

[112]. *Vid. sesión do 1 de novembro. Diario de Sesións.*

posesión das súas prazas". Incorporóuse un novo artigo que sería o 279 da definitiva Constitución, que dicía: *"Los magistrados y jueces, al tomar posesión de sus plazas, jurarán guardar la Constitución, ser fieles al Rey, observar las leyes y administrar imparcialmente la justicia".*

Tivo, pois, meirande fortuna esta proposición que as anteriores que presentara ó proxecto da constitución liberal. este artigo, que demostra todo o espírito dun fervente liberal, debémosllo ó noso exemplar deputado ferrolán. Como en tódalas transiccións de réximes despóticos a liberais, sempre, os que seguen a ocupa-los órganos do poder xudicial son reacios ós cambios. Por iso, no Trienio, cunha frustada experiencia ás súas costas, os liberais nomearon xuíces para unha nova orde política. Dicía LEÓN DE ARROYAL, en 1790 *"Los Tribunales es el mayor obstáculo que se le puede presentar al príncipe reformador... No habrá sutileza, no habrá cavilosidad, no habrá intriga que no pongan (los abogados) en movimiento para su corrección. Pero el Rey de Prusianos enseña a vencerle con facilidad: el que se tapó las orejas y con un solo golpe los puso en estado de no poder levantar más el grito: como se les dé audiencia, ellos lo meterán todo a barato*[113]*"*.

## 6. Evita-la arbitrariedade na suspensión de dereitos recoñecidos pola Constitución.

Propoñíase a aprobación do artigo 306 do proxecto de Constitución da Monarquía española, que literalmente dicía " *Art. 306. Si en circunstancias extraordinarias la seguridad del Estado exigiese en toda la Monarquía, ó en parte de ella, la suspensión de alguna de las formalidades prescritas en este capítulo para el arresto de los delincuentes, podrán las Córtes decretarla por un tiempo determinado*".

Era un artigo impreciso, limitar dereitos recoñecidos na Constitución sen as garantías suficientes. O tema é xurídicamente tan actual, como a argumentación de ALONSO LÓPEZ, sempre inimigo da arbitrariedade aínda que esta viñese da indefinición dunha norma. Porque, incluso no caso de que se desen as circuntancias que daban lugar á redacción do artigo transcrito "*me parece que debe quitársele á lo menos todo lo que tiene de vago é indefinido, declarándola con más precisión y limitación de arbitrariedad. En efecto, las circunstancias extraordinarias en que se hay de aplicar lo declarado en este artículo, no siempre se presentarán en los tiempos en que las Cortes estén reunidas, para poder decretar la suspensión de leyes que se indican; y entonces, mientras no se verifica la reunion por la convocacion que se haga para estos casos extraordinarios, no hay declaración en el artículo que se señala la autoridad que pueda decretar esta suspension, á menos que no se entienda que en tales apuros debe tener esta facultad la diputacion permanente de las Córtes; pero siendo así, ó de cualquier otro modo, es menester expresarlo. Igual incertidumbre es preciso evitar en la determinación del tiempo que ha de durar esta suspension, á fin de limitar la arbitrariedad y abusos que sobre esta determinacion pudiese haber en perjuicio de la honra, fortuna y seguridad personal de los ciudadanos: así como la perspicaz vigilancia del Gobierno puede hacer bien ociosa la necesidad de una tal suspension, así puede también, y aún mejor, descubrir en poco tiempo la realidad de las sospechas que pongan en riesgo al Estado obrando con actividad y astucia. En vista de estos reparos, y en la suposición de que V.M. quiera aprobar la idea del artículo que se propone de suspension de leyes, me parece podría estar expresado en los términos siguientes: Si en circunstancias extraordinarias de sospechas bien calificadas la seguridad del Estado exigiese en toda la Monarquía, ó en parte de ella, la suspension de algunas formalidades precritas en este capítulo para el arresto de los delincuentes, podrán las Córtes, si estan congregadas, decretarla; y no estándolo, y siendo perentoria y urgentísima la suspension, la permitirá la diputacion permanente, hasta que las Córtes, convocadas y reunidas por estos casos extraordinarios, la decreten con su autoridad; entendiéndose que el tiempo de esta suspension no ha de pasar de tres meses, ni las prórrogas sucesivas de necesidad bien calificadas han de ser de mayor duracion de un mes cada una*".

O propio ARGÜELLES aplaudiu e envexou "*este voto sapientísimo del Sr. Alonso López*" que, en parte, declarou compartir. Poñendo de manifesto, como membro da Comisión de redacción da Constitución, con canto miramento fora redactado pensando non nun réxime despótico senón nun moderado e constitucional. En

*[113]. É tema apaixonante para os que dedicamos o noso vivir ó mundo do dereito e ninguén o tratou con tanto entusiasmo e certeza como o meu querido profesor GALLEGO ANABITARTE, no seu xa famoso: "Administración y juces: gubernativo y contencioso. Reflexiones sobre el Antiguo Régimen y el estado Constitucional y los fundamentos del Derecho Administrativo español". Ed. Instituto de Estudios Administrativos. Madrid 1971. Como xa tiven ocasión de escribir unha cousa é proclamar enfáticamente a división de poderes e outra, ben distinta, levar estes principios a órganos competencialmente tan confusos como os que se herdaban en 1812. Tamén pódese ver de J.A. SANTAMARÍA PASTOR "Sobre la génesis del Derecho Administrativo español en el siglo XIX (1812-1845". ed. Instituto García Oviedo, Sevilla 1973.*

ultima instancia, dicía Argüelles, "*déjese para las Cortes sucesivas la iniciativa en este artículo*".

**7. Concellos constitucionais ó servicio dos cidadáns.**

Na sesión do 11 de xaneiro presenta ALONSO LÓPEZ unha adición ó parágrafo 4º do artigo 319 do proxecto (art. 321 do texto definitivamente aprobado). Coidaba que era preciso evitar canto se puidera as arbitrariedades que adoitan cometerse na determinación individual deste servicio e procura-la máis recta xustiza nos alistamentos que se fagan para forma-la forza armada do Estado. "*Por lo tanto me parece conveniente declarar esta precisión en el artículo 319 que ahora se discute, imponiendo esta obligación á los Ayuntamientos de los pueblos y á las Diputaciones provinciales, como que son las Corporaciones que mejor pueden desempeñar este encargo con justicia y consideración, por conocer muy de cerca las circunstancias de sus compatricios*". Propuxo un parágrafo 5º que atribuía ós concellos as funcións de "*hacer los alistamientos para el reemplazo y aumento de la fuerza militar del Estado, según las reglas que para ello se prescriban*". Remitiuse ó exame da Comisión de Constitución.

Na mesma sesión do 11 de xaneiro quixo o deputado galego incorporar un parágrafo nove para que foran os concellos os que promoveran "*la agricultura, la Industria y el Comercio, según la localidad y circunstancias de los pueblos, y cuando les sea útil y beneficioso*".

Tamén pensou que sendo obrigación directa do Estado o cuidado "*de la humanidad paciente y desvalida*", poderían os concellos cumprir con esmero esta misión. "*La beneficencia, la protección de los hombres ... conociendo cuan triste es á veces su suerte, no puedo dejar de decir con TERENCIO: Humani a me nihil alienum puto, quia homo sum*". Son os pobos os máis achegados ás necesidades dos homes. Propuxo engadir un parágrafo 12 que dicía: "*En Ultramar, protejer las quejas de los indios contra las vejaciones que experimentan de parte de las autoridades y poderosos y prestar también protección a los esclavos contra el rigor de sus dueños, haciendo presente á la Diputación provincial lo que ocurra de extraordinario en estos dos casos, para su más eficaz remedio.*"

A súa manifesta humanidade quedaría tamén posta de manifesto na súa proposta décimo terceira: "*Contener en lo que sea posible la expatriación voluntaria de los pueblos, con arreglo á lo que determine en los reglamentos de policia*".

Tódalas súas proposicións ó texto do proxecto do artigo 319 foron remitidas á Comisión de Constitución. Só o parágrafo 9 incorporouse ó texto definitivo da Constitución nos mesmos termos que redactara o ferrolán. Outra contribución máis de quen estaba comprometido coa liberdade desde a súa entrega solidaria ós seus xustos e benéficos compatriotas.

A súa certeira visión da necesidade de institucionalizar unha Administración local solidamente enraizada nos principios constitucionais, tropezou coa incomprensión dos que querían utiliza-los concellos como ferramentas ó servicio dun Estado funcionalmente todavía inexistente. A forza que "de facto" terá a Administración local nunha España constitucional é tema que excede dos límites deste traballo, pero convén non perdelo de vista para seguir a fiar na gran visión de futuro que tivo o representante galego. Non tódolos liberais foron igualmente sensibles ás grandes potencialidades que encerraban en si os concellos e Deputacións constitucionais: sempre houbo unha xeralizada e manifesta desconfianza cara a todo o local [114].

O 14 de xaneiro de 1812 insiste na necesidade de que sexan os concellos os que asuman as funcións de alistamento das forzas militares. Tamén volveu facer fincapé na necesidade de prover as necesidades dos máis pobres. Que tamén "*á los pobres mendigos, mediante el auxilio de alguna ocupación útil que no les embargue su libertad personal*".

**8. Os primeiros en xura-la Constitución.**

Desexaba ALONSO LÓPEZ que os deputados daquelas Cortes extraordinarias foran "*los primeros de entre los españoles que juren el cumplimiento y observancia de la Constitución que han sancionado, señalando para ello un día fijo en que deban concurrir todos los diputados en ceremonia*". O xuramento debería ser nestes termos "*¿Juráis obedecer y cumplir todo cuanto se prescribe en la*

[114]. *Vid. DE-CAL Y CORTINA, R.MªG.: "Os concellos galegos na encrucillada política do primeiro constitucionalismo". Revista da Escola Galega de Administración Pública, núm. 18 de 1998. Santiago de Compostela.*

*Constitución política que habeis formado y sancionado para la Monarquía, y aconsejar siempre igual precisión á vuestros comitentes ...? Si así lo hiciéreis cumpliréis como buenos ciudadnos, y si no, seréis responsables á la Nación con arreglo á las leyes*". Para logo engadir que tamén deberían facer o correspondente xuramento os membros do Consello de Rexencia e as demais autoridades civís, militares e eclesiásticas, así como os concellos.

Logo do xuramento deberían, tódolos deputados constituíntes, solemnemente, asina-lo orixinal da Constitución para que asi se gardase no arquivo das Cortes [115].

**9. Os membros do Consello de Estado.**

Na súa última intervención antes da aprobación da Constitución, o 28 de xaneiro de 1812, propuxo que os 16 membros do Consello de Estado, previsto no articulado constitucional, foran "*Cuatro inteligentes en los ramos militares; cuatro inteligentes en economía política; cuatro inteligentes en la Magistratura y cuatro inteligentes en negocios públicos*".

Con isto trataba de evitar, como xa o fixera antes, que as vaguidades e indefinicións da Constitución foran caldo de cultivo para posibles actuacións contrarias ó espírito que animaba aquela Constitución. Non todos, xulgaba ALONSO LÓPEZ, son aptos para tódolos cargos, pero si é frecuente que a maioría se considere apta para un cargo para o cal non está capacitado.

A súa prudencia política queda de manifesto en cantas modificacións tentou, con éxito desigual, do proxecto constitucional. Se nos deixamos levar pola trasposición a este final do século XX, o tempo deulle a razón en canto tentou levar de moderación e sensatez á primeira Constitución española.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

115. *As fórmulas propostas polo deputado galego pódense ver no Diario de sesións do día 23 de xaneiro de 1812. Tamén as reproduce BALÁS SILVA na obra repetidamente citada, p.p. 66. A elas me remito.*

# VIII OS CORPOS DE ALARMAS CONTRA A ESCRVITUDE DOMÉSTICA



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

## VIII. CAPÍTULO SÉTIMO: SOBRE A NECESIDADE DE CUMPRIR O ACORDADO.

### 1 Victis redis in precordia virtus.

Na sesión do 11 de agosto de 1812, presentou a exposición e proposicións seguintes:

*"Señor, la sucesión de felices resultados que estamos observando de poco tiempo á esta parte en nuestra defensa, y que anuncian la pronta redencion de nuestra oprimida y afligida Pátria, me sugieren el exaltado contento en felicitar á V.M. por los triunfos que logra el patriotismo español sobre sobre el inexorable opresor, sobre aquel infame tirano que acostumbrado á vanagloriarse con las triples disílabas de veni, vidi, vici, encuentra en España por término desesperado de su deseada usurpacion la incalculable eternidad de los siglos; porque la constancia, el sufrimiento y el denodado valor son calidades que descubrirá eternamente el opresor en los españoles, con los cuales, á pesar de los reveses que suframos, se repetirá á cada momento entre lo de victis redis in precordia virtus. Son buenos comprobantes de esta asercion el encadenamiento de sucesos que estamos notando desde el principio de nuestra sagrada defensa, y lo comprueba aun mejor, para terror del enemigo y gloria de los españoles, los posteriores acontecimientos de las Castillas, costas de Cantabria y Navarra que estamos celebrando desde hace días, en cuyas variadas circunstancias echamos echamos de ver cuánto hay qué esperar del heróico empeño de romper las cadenas que nos oprimen, pues que hasta los mismos pueblos, indefensos y abandonados por necesidad á sí mismos, oponen con la sola virtud de sus leales vecindarios la más invencible resistencia moral á las numerosas bárbaras legiones del tirano. Impelido de la fuerza de esta verdad, y confiado en que V.M. se ha de dignar recompensar la heroicidad y virtud nacional con gracias justas que fomenten la felicidad pública y aumenten el bienestar de los ciudadanos, hago las proposiciones siguientes:*

*Primera. Que por el conducto de la Regencia del Reino se manifieste á todos los pueblos ya redimidos, y como ser pueda á los que aún existen esclavizados, lo grato y lisonjero que ha sido y será á V.M. el exacto desempeño de la constancia, del acendrado patriotismo y del honor nacional con que los moradores de las provincias ya libres y los que aún gimen en la opresion, han sabido y sabran confiar en la pronta posibilidad de la redencion completa de la Pátria, conservando y sosteniendo el decoro y carácter español en medio de la inícua opresion de las desoladoras huestes del tirano.*

*Segunda. Que para aliviar cuanto antes á los pueblos rescatados de la esclavitud señorial que los oprimia por las anteriores instituciones á esta época, se encargue á la Regencia tome su interés patriótico el pronto establecimiento de lo ordenado por V.M. en el decreto de abolicion de señoríos, procurando sofocar y aun castigar la mala voluntad interesada que intente entorpecer esta liberal declaracion que tanto ha de influir en la felicidad y bienestar de los pueblos. Este encargo de recomendacion especial es tanto mas preciso y urgente, cuanto sabe V.M. por repetidas representaciones que se hicieron últimamente al Congreso, la repugnancia y desobediencia con que varios sugetos y corporaciones de Galicia eluden y no respetan el decreto de abolición de señoríos, continuando en oprimir y desangrar á los pueblos como antes, procedimiento odioso é irregular, nada conforme con el carácter de humildad que debe distinguir á estas corporaciones por su instituto, y en el que no pueden admitirse en sus reglas imperiosas vasallaje ni presion.*

*Tercera. Siendo acreedores con toda justicia los pueblos que acaban de gemir en la opresion á los beneficios de la discreta liberalidad del Congreso, es muy preciso y urgente aliviar sus cuitas con la supresion de cargas y gabelas indebidas, particularmente de aquellas que*

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

*perteciendo á otros su cumplimiento, y no estando fundadas sino en falsos supuestos, abruman injustamente á los pueblos, menoscabando su angustiado bienestar, y apurando su sufrida paciencia, como son el voto pecuniario, hecho por Felipe IV á favor de los canónigos de Santiago, cargado su pago indebidamente sobre la sustancia de la Nacion, y el voto general que se cobra por la misma corporación, á pesar de la falsedad del documento que lo establece, como prueban los eruditos nacionales. En este concepto pido á V.M. se tome cuanto antes en consideracion lo que tengo expuesto sobre el particular en la sesion de 25 de Febrero último, y lo que tambien se reclamó sobre la misma materia por varios dignos Diputados del Congreso en 1.º de Marzo siguiente.*

*Cuarta. Interesando al bien general de la Nacion, y al particular de cada ciudadano, el pronto recobro y aumento de las fortunas y conveniencias que formaban antes de la invasion el bien de los hacendados, labradores, ganaderos, traginantes propongo se prefiera á todo nagocio despues de concluida la discusion del arreglo de tribunales al tratar de concluir la discusion comenzada sobre el repartimiento de terrenos baldíos ó realengos, y de propios y arbitrios, como tambien el conjunto de varias leyes agrarias que tienen acordadas y extendidas para presentar á V.M. su comision de Agricultura, cuyos dos arreglos, aprobados que sean, y puestos en ejecucion sin demora, contribuirán muy eficazmente al logro de ver restablecida en poco tiempo la fecunda produccion de los campos, y la felicidad de sus angustiados moradores tan inícuamente destruidos y aniquilados por el infame opresor.*

*Quinta. Como hace tiempo que la razon y la justicia estan clamando contra el menoscabo que sufre la sustancia pecuniaria de los ciudadanos, extraída de varios modos; y como uno de estos canales de desustanciacion es el estipendio exigido por los curas á los pueblos con el nombre de derecho de estola, pido se ponga ahora en práctica el espíritu y la letra de de la ley 9.ª, título XX, del libro I.º de la Novísima Recopilación, en que se expresa que cuando los diezmos y primicias alcancen a la dotacion de la decente cóngrua de los eclesiáticos "no deben estos exigir derechos de estola, ni los feligreses pagarlos". Para calificar los curatos que deben quedar exentos de esta supresion de derechos por falta de cóngrua suficiente en la reunion de los diezmos y primicias, propongo se convoquen con toda brevedad concilios provinciales que examinen este punto, y los demás que exijan arreglos precisos, correspondientes á las respectivas provincias, á fin de que, reunidos de este modo un cúmulo de datos de hecho, con reflexiones adaptables á las circunstancias y localidad de los territorios, pueda el Concilio general nacional, cuando se forme, arreglar con acierto y circunspección cuando pertenezca á la disciplina eclesiástica y demás reformas necesarias en beneficio de toda la Nacion.*

*Sexta. Siendo muy visible la relajación de la disciplina eclesiástica, con grave perjuicio del decoro de nuestra sagrada religion y de las buenas costumbre de los ciudadanos; y siendo tambien muy patente el menoscabo que sufre la circulacion vivificadora de la riqueza nacional por las enormes riquezas que se difunden en el estado eclesiástico, cuyos beneficios anuales, en los años próximos anteriores á esta época, excedian en mucho á la totalidad de las rentas del Erario público, pues alcanzaban el importe de de unos 523 millones de reales, de los cuales había 231 millones que procedían de los solos diezmos propongo se convoque á la mayor brevedad posible un concilio general nacional, despues de celebrados los privinciales, para que reprima la relajacion de la disciplina, distribuya los distritos eclesiásticos con proporcion á la comodidad de los pueblos, designe el número de conventos, colegiatas, capillas y santuarios que deben reformarse y que excedan á la necesidad del pasto espiritual, como lo están indicando desde hace tiempos el espíritu de los que se*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

*declara en el libro 1.° de la Novísima Recopilación, en las leyes 1.°, 2.ª y 6.ª del título XVI, y en la 1.° del título XXVI; y finalmente, que arregle la decente có ngrua de los ministros del altar en todas sus clases y gerarquías.*

*La reforma que V.M. ha hecho entre amarguras y el horrendo estrépito de la guerra, de los vicios de nuestra antigua constitucion política, debe darse la mano simultáneamente con la reforma y arreglo de los vicios del estado eclesiástico, para lograr cuanto antes la perfecta consolidacion y felicidad del todo social congrado bajo una misma Monarquía. La mayor parte del territorio de la Península está ya desembarazada de enemigos; los prelados de la parte aún oprimida estan diseminados en varias provincias libres, y la reunion coveniente de eclesiásticos para la celebracion de los concilios provinciales no uede tener dificultades, ni tampoco las reuniones parciales en donde acomode para la formacion del concilio general. Esta determinacion de V.M. le llenará de bendiciones de parte de los pueblos, porque después de tanto siglos de opresion, de vicios y de desórdenes, necesitan respirar, vivir y ser felices cuanto antes, sin experimentar más opresiones, desfalcos indebidos, ni los efectos de la vergonzosa gangrena política que engendran las malas costumbres imitadas ó inoculadas por los que deben detestarlas y corregirlas".*

**2. Impaciencia en tempo de crise.**

É evidente, como di o noso deputado que Napoleón non puidera aquí vangloriarse cos triples disílabos *vini, vidi, vici*. Como tamén o era que, aprobada a Constitución, conviña poñela en práctica para que os pobos puideran beneficiarse dela. Os señores feudais seguían a campar polos territorios da Monarquía, o sistema tributario seguía a gravar en exceso ós máis desvalidos, boa parte do Clero optara por esperar tempos máis propicios sen facer mudanza. Todo isto provocaba nos liberais un xustificado temor e unha, non menos xustificada, impaciencia.

A meirande parte do país estaba libre da opresión francesa, a Constitución aprobárase e semellaba que todo se conxuraba para cambialo todo e que nada mudase.

Difícil é saber que ocorrería se as medidas adoptadas polas Cortes Constituíntes "*hubieran pasado en horas veinticuatro de las musas al teatro*". O entramado organizativo era tan pobre que unicamente se sustentaba sobre un Parlamento politicamente illado e uns concellos constitucionais que se ían constituíndo lentamente nos últimos meses do ano 1812. Ademais, certo é, que o país estaba arrasado e as súas xentes vivían nas súas carnes a gloria de derrotar ó tirano e a miseria de carecer do máis elemental. Afeitos a convivir coa morte e a guerra facíanse acredores dalgunhas daquelas conquistas que antes levaran consolo ás súas vidas: menores impostos e deixar de ser vasalos para ser homes libres.

O desexo de ALONSO LÓPEZ non ía máis aló de dar estas pequenas satisfaccións ós que tanto o merecían. O difícil é avaliar, se con ese escaso aparato institucional, houbera posibilidade de converte-los desexos en realidade.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

# IX OS CORPOS DE ALARMAS CONTRA A ESCRAVITUDE DOMÉSTICA





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro pra a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

## IX. CAPÍTULO OITAVO: SOBRE A NECESIDADE DE APOIO ARMADO CONTRA A ESCRAVITUDE DOMÉSTICA.

### 1. Milicia popular e revolución liberal.

A intervención que no seguinte apartado vou a reproducir é, posiblemente, a máis interesante en termos políticos de cantas tivo na súa vida parlamentaria e por iso convén introducila convenientemente.

Xa estamos en outubro de 1812, a Constitución aprobárase e, sen embargo, as garantías da súa continuidade semellaban, a algúns liberais, insuficientes. É indubidable que os que, con tanta ilusión e esforzo, redactaran unha Constitución liberal e deseñaran un entramado normativo para desenvolvela e levala ata o último lugar da Monarquía, tiñan, a estas alturas, algo máis que unha intuición do que serían as próximas Cortes, que se convocarían con carácter de ordinarias para 1813.

Desde o punto de vista institucional comezaban a formarse, con moitas dificultades, os concellos constitucionais, segundo o previsto na Constitución, tence seguían en pé os órganos de que se dotara o país durante a Guerra contra os franceses. Polo demais, a Rexencia seguía a ser interina e as Cortes estaban prestas a disolverse. Ese era o panorama que podía percibirse tanto desde Cádiz, como desde A Coruña.

De Galicia chegaban noticias contradictorias, ó tempo que un sólido grupo liberal constituíase nas cidades marítimas, as episcopais seguían ancoradas no absolutismo e non semellaba sinxelo reducir ó belicoso arzobispo de Santiago, o meirande propietario de señoríos territoriais e xurisdiccionais de España. O 5 de agosto inmediatamente anterior lérase unha manifestación da Xunta galega, agora presidida polo Xeneral Castaños, na cal facía ver ás Cortes os desaires que sufriran nas funcións relixiosas que se organizaron para conmemora-lo día de San Fernando e o cabodano dos primeiros mártires da Patria, negándose o Cabildo a dar ás autoridades o trato que merecían como representantes do pobo galego, relegándoos ós asentos do fondo da igrexa[116].

E tal era a realidade dunha España dividida entre liberais e servos. Os liberais sempre quixeron ter apoio armado, os seus desexos non se fixeron realidade ata que tomaron o poder en 1820, pero ALONSO LÓPEZ e algúns outros, xa percibiran a necesidade de manter, incluso pola forza, o que tanto costara conquistar.

A Milicia Nacional fora constitucionalizada nos artigos 356 e ss. "*una fuerza nacional permanente de tierra y de mar, para la defensa exterior del Estado y la conservación del orden interior*" e unhas Milicias nacionais de funcións non definidas e non permanentes. En agosto de 1812 esta forza non permanente non garantía a defensa da Patria contra os invasores externos ou a tiranía doméstica.

Este rodearse de protección armada, que tanto agora como no trienio, resultará insuficiente e inadecuada para defende-la Constitución, leva a ALONSO LÓPEZ a propo-la extensión dos corpos de alarmas galegos a toda a península, forza armada que tería "*una existencia accidental mientras duran las circunstancias de la doble pugna física y moral que tenemos con los enemigos de nuestra libertad: su organización é instruccion han de ser preceptos sencillos que, sin distraer de sus labores á los alistados, llenen cuanto baste al objeto de exterminar por todos los modos posibles de matanza, de fatigas, de carencias, de emboscadas y de sorpresas á toda fuerza extranjera que invada, ó á toda violencia doméstica que intente oprimir, y en esto no haremos más que hacer renacer la antigua institucion de nuestros almogavares, con que nuestros remotos abuelos, en casos parecidos á los presentes, exterminaban á sus invasores*".

O que paga a pena sopesar é que tal proposta se realizase en agosto de 1812: había máis de 4 anos que os franceses invadiran o noso territorio. É proba evidente de que se temía polo futuro da Constitución nun ambiente xa bastante dividido. Temíase tanto unha invasión estranxeira como a tiranía doméstica que puidera provir dos absolutistas[117].

### 2. Alonso López e os corpos de alarmas.

*En la sesión de 9 de octubre de 1812, ya aprobada la Constitución y visto el cariz que tomaban los acontecimientos políticos, el diputado ferrolano presenta a las Cortes la siguiente exposición:*

[116]. *Convén desde xa advertir do acertado das premonicións de ALONSO LÓPEZ, que o citado Arcebispo, MÚZQUIZ y ALDUNATE, foi deputado por Santiago nas Cortes ordinarias de 1813. Os paradoxos da Historia son sempre aleccionadores.*

[117]. *Pouco se estudiou a institución das milicias, especialmente en Galicia. Non obstante, con carácter xeral pódese ver a extensa e completa obra de J.S. PÉREZ GARZÓN: "Milicia nacional y revolución burguesa", Madrid 1978.*

*"Señor, los deseos que tengo de que se consolide sin estorbos la independencia nacional, tanto por los efectos de la opinión pública como por los respetos de la fuerza, me obligan á molestar la atencion de V.M. con las siguientes reflexiones y proposiciones que las acompañan, confiado en que V.M., que está animado vehementísimamente de los mismos deseos, se ha de dignar dar buena acogida á mis peticiones.*

*La precaución que sugiere la prudencia, y el conocimiento de las propensiones humanas en todo lo que lisonjea los ambiciosos y gratos deseos, son calidades de mucho aprecio en el hombre privado para vivir envuelto entre sus semejantes con los mínimos efectos posibles del disgusto, de la asechanza, del engaño y de la corrupción de costumbres. Si estas calidades sociales son tan necesarias á cada indoviduo en particular, mucho más lo son á los gobiernos ilustrados y ansiosos del buen acierto, cuyos conatos deben ser extensivos á vigila el régimen general y particular de los ciudadanos y á penetrar y precaver los efectos de los manejos políticos y guerreros de las naciones comarcanas, propensas á interrumpir el órden de sus vecinos.*

*La terrible situacion en que acabamos de vernos, el descuido criminal de un Gobierno depravado, que nos condujo hasta los bordes del más horrendo precipicio, y el airado recuerdo de las calamidades que por este defecto hemos sufrido, son circunstancias que deben hacernos discretos, prudentes y precavidos, si queremos transmitir á las generaciones futuras la preciosa libertad que hemos constituido á costa de nuestra sangre y de extraordinarios esfuerzos, repeliendo la opresión extranjera que intentaba esclavizarnos, y desterrando de nuestro suelo la esclavitud doméstica que por tanto tiempo nos ha oprimido. No bastará echar de nuestro territorio á los invasores para que depongamos las armas al momento y confiemos en que no podrán volver á insultarnos; no será suficiente haber publicado una Constitucion liberal que designa los deberes y derechos del ciudadano, para que descansemos sobre la solidez de sus preceptos y no temamos volver á gemir bajo el cetro de hierro de un déspota y de su arbitrariedad.*

*Una fuerza militar respetable y permanente durante algunos años nos ha de poner á cubierto de las contingencias del primer caso y proteger la consolidacion de nuestro nuevo edificio social; y una fuerza popular numerosa y existente por algun tiempo nos ha de preservar de los funestos efectos de ambos casos, reunidos ó separados, sin que pueda contar con buen éxito la ambicion de un usurpador extranjero, ni el horrible atentado de un déspota nacional que quiere abusar de la autoridad que tenga, aprovechándose de la fuerza militar que esté á su disposicion, y del acutiverio prolongado de nuestro anhelado Rey el Sr. D. Fernando VII.*

*Desde un principio ha decretado V-M- el aumento de 80.000 hombres para reformar nuestros ejércitos, y por el mismo tiempo tambien ha declarado V.M. que todo español era soldado de la Pátria. La priemra resolucion está poniéndola en práctica la Regencia del Reino, mediante el ensanche territorial que hemos logrado últimamente para recoger gente y contribuciones, y porque interesa dar cuanto antes á nuestros ejércitos un carácter numeroso y respetable; pero la segunda declaracion necesita el carácter de una realizacion verdadera, y que no se quede en un simple acuerdo insustancial. Hay una provincia del Reino que muy de antemano á la existencia de V.M. se le ocurrió la necesidad de redimirse por sí sola, y conservarse libre de enemigos, con una fuerza popular creada en su propio seno, supliendo así el abandono con que la Junta central dejó entregado á su suerte aquel país de leales y valientes. La Galicia, Señor, además de su actual ejército de operaciones, y de los anteriores, conducidos á la destruccion por la mala suerte de sus generales, tiene organizados sus moradores en cuerpos de fuerza popular sedentaria, llamados de alarma, como consta á V.M., que componen el*

*número de unos 207.000 defensores del país, en caso de invasion. Este ejemplo, la doble utilidad que puede ofrecer su imitacion en virtud de los dicho, y la posibilidad de adoptarlo en las demás provincias del Reino á medida que vayan quedando libres de opresores, no debe detenernos un momento en examinar su conveniencia y su buen éxito, sino decretar que así se ejecute cuanto antes; porque salta á al vista lo ventajoso que será su establecimiento á la libertad nacional, tanto que sea acometida por una nueva invasión del tirano, como que sea amenazado por la osadía de un opresor doméstico.*

*No se diga, Señor, para abultar dificultades, por los que siempre ven en todo imposibles, que no todas las provincias de España tienen igual proporcion que Galicia para establecer esta clase de fuerza popular, porque á esto es muy obvio reproducir que lo que Galicia pudo hacer por necesidad y porpatriotismo, lo pueden hacer proporcionalmente todos los demás países, segun el órden distributivo que manifiesto á continuacion de esta exposicion, sin que en ello haya más diferencia esencial que del más al menos, segun el número de moradores ó circunstancias locales: haya, pues, fuerza popular sedentaria poca ó mucha en cada provincia: ármense como se puedan sus moradores con armas de chispa, blancas, punzantes ó arrojadizas; organíceseles é instruyáseles en las operaciones de defensa, segun lo indique la naturaleza militar de los territorios y la índole de sus habitantes; hágase ver a los pueblos la utilidad de este sistema de defensa para los casos contingentes y extraordinarios; sépalo así el tirano y los enemigos domésticos que tienen la libertad nacional, y aquel y estos se extremecerán al considerar las dificultades que tendrán que vencer en el empeño de intentar esclavizar y oprimir á españoles prevenidos y dispuestos á la defensa de sus derechos sociales.*

*No se diga tampoco, Señor, que el establecimiento de esta fuerza popular que propongo, es lo mismo que instituir ahora de pronto las Milicias nacionales que previenen los artículos del capítulo II del título VIII de la Constitución, ó que es idéntica mi propuesta con la institucion de las Milicias honradas que mandó formar en todos los pueblos la Junta Central. Para desvanecer esta semejanza aparente, debe reparase que las Milicias nacionales han de ser cuerpos constituidos en toda la instruccion y disciplina militar, con jefes puestos por la Regencia ó el Rey, para servir de reservas á los ejercitos futuros de la Nacion; y las Milicias honradas no tienen más objeto que conservar el órden y tranquilidad de los pueblos con una instruccion análoga á esta limitada necesidad. La fuerza popular de que se trata, ha de ser de una existencia accidental mientras duran las circunstancias de la doble pugna física y moral que tenemos con los enemigos de nuestra libertad: su organización é instruccion han de ser preceptos sencillos que, sin distraer de sus labores á los alistados, llenen cuanto baste al objeto de exterminar por todos los modos posibles de matanza, de fatigas, de carencias, de emboscadas y de sorpresas á toda fuerza extranjera que invada, ó á toda violencia doméstica que intente oprimir, y en esto no haremos más que hacer renacer la antigua institucion de nuestros almogavares, con que nuestros remotos abuelos, en casos parecidos á los presentes, exterminaban á sus invasores. Las alarmas de Galicia tienen un reglamento que abraza cuanto se puede desear sobre el particular, y es un buen modelo para arreglar la fuerza popular de las demás provincias, segun lo exijan las circunstancias particulares del terreno, y segun convenga á las disposiciones naturales de sus moradores.*

www.ateneoferrolan.org

*La Galicia ya empezó á coger el fruto de esta institucion patriótica y alentada, sin que se pueda dudar de su utilidad y buenos efectos: despues de que sus pueblos hicieron ver al mundo entero la posibilidad de exterminar sin fuerzas organizadas en el rigor de la instruccion*

*militar y ejércitos numerosos e invasores, consiguió con sus cuerpos de alarmas hacerse respetable al enemigo, y conservarse libre de los desastres horribles de nuevas invasiones, mientras que las provincias que forman sus flancos, y en las cuales ninguna fuerza popular tenia que temer al invasor, fueron invadidas, taladas y saqueadas repetidas veces.*

*Como toda autoridad popular y fuerza armada de la misma naturaleza, están odiadas por los que se resienten de los principios liberales ya sancionados, no faltarán hombres interesados en el régimen arbitrario y destructor de los Gobiernos anteriores que gradúen de ociosa la idea que propongo, abultando dificultades en la práctica de su realizacion. Esta clase de hombres siempre miraron y mirarán con sobresaltos la ilustracion de los pueblos; jamás le han sido ni serán gratas las autoridades que los mismos pueblos nombren, y nunca dejarán de concebir perjuicios aparentes en la fuerza armada que forme entre sí la popularidad regentada por sugetos de su misma eleccion, porque con la ignorancia, y sin autoridades ni fuerzas populares que vigilen y sostengan los derechos del ciudadano, puede encontrarse siempre dispuesta la masa del pueblo á recibir, aunque á su pesar, todas las impresiones de arbitrariedad y esclavitud doméstica que quiera radicarse en la multitud; y esto es muy del agrado del que haya interés en la opresion agena. de aquí el ceño y ó dio con que es mirada por estos miserables egoistas la libertad de imprenta, porque las verdades punzantes que emanan de esta institucion, despiertan y ponen en alarma al más rudo, soñoliento y descuidado de los intereses sociales; de aquí la aversion descarada que se manifiesta contra las Juntas provinciales, sin reparar que por el patriotismo y desinteresados esfuerzos de ellas tenemos Pátria, espíritu público y una Constitucion liberal, á pesar de la cobarde humillacion con que las autoridades asalariadas entregaron desde un principio el gobierno del Reino al invasor Murat, satélite del tirano: de aquí el maligno clamor contra los procedimientos de las partidas de guerrillas, porque en su sistema particular de exterminio y matanza empezó á fundarse la libertad nacional y su conslodacion, dejando eclipsada la existencia de muchos de nuestros ejércitos metodizados con sus brillantes y costosos estados mayores; y de aquí, finalmente, el desagrado oculto y oficioso con que se miró y mira la institucion de las alarmas de Galicia, temiendo que por su imitacion en las deás provincias del reino, cobren los pueblos cierto ascendiente sobre las autoridades estipendiadas, que impida amoldarlos en un descuido al anterior sistema de arbitrariedad y despotismo doméstico, como desea con todas ánsias el interés particular de algunos centenares de despreciables séres, que llevan muy á mal el sagrado principio ya promulgado de que todos los españoles son iguales delante de la ley.*

*Pero la libertad española no debe ya retroceder ni un paso; el recobro de nuestros antiguos derechos debe quedar ahora cimentado con un carácter muy firme y permanente que impida este retroceso; y V.M. delineó en los preceptos de la Constitucion el cimiento sobre que ha de erigirse y consolidarse el edificio social de la felicidad futura de los pueblos. Mas si el buen éxito de esta deseada y necesaria consolidacion social debe ser dependiente en todos los tiempos de la mayor menor robustez de los apoyos que emanen de la fuerza física y moral de la Nacion, mucho más dependiente será su buen éxito de estas dos fuerzas ahora al prncipio, en que es menester que la opinion de lo bueno y justo se identifique en aquella máxima de una gens, una mens, y en que es necesario que en los intereses particulares no tomen ningun ascendiente sobre los beneficios generales de la Nacion. La supresion de los señoríos, de privilegios, de usurpaciones etcétera, y la igualdad de derechos entre todos los*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

*ciudadanos, ha formado muchos descontentos y taimados, que con su animosidad y sugestiones públicas y ocultas han propender á socavar cuanto puedan los cimientos del edificio social que hemos planteado; y este recelo se acercará tanto más á su realizacion, cuanto más cercanos estén los descontentos de la influencia de la fuerza asalariada, ó cuanta más parte tengan en el despacho de la autoridad que emane de la potestad ejcutiva ó de la voluntad popular para Diputados en Córtes, y las demás elecciones de esta naturaleza que prescribe la Constitucion. Para desvanecer, pues, estos recelos y neutralizar en sus principios dañosos intentos, es indispensable que los periodistas y escritores bienintencionados ilustren los pueblos lo mejor que puedan sobre los intereses sociales, para que sean circunspectos en las elecciones que hagan y que se custodie la Nacion bajo la éjida de una fuerza popular eventual, que sirva para precaver efectos desastrosos de nuevas invasiones del tirano y ponga al mismo tiempo respeto al empeño oculto de una esclavitud doméstica. Estos deseos se cumplen con los efectos que han de producir las cuatro proposiciones siguientes, si V.M. tiene á bien aprobarlas.*

*Primera. Que por el conducto de la Regencia del Reino se recomiende á las Juntas superiores mientras existan, ó en su defecto á las Diputaciones provinciales cuando se formen, y á los ayuntamientos de los pueblos, la conveniencia y precision de dar á la independencia nacional un carácter de firmeza respetable, por medio de una fuerza popular eventual erigida proporcionalmente en cada provincia, segun el reparto que manifiesta el siguiente plan, arreglado al número de defensores de esta clase que tiene ya incluidos Galicia en sus cuerpos de alarma:*

| Provincias de la Península | Número de sus defensores sedentarios |
|---|---|
| Alava | 17.500 |
| Aragón | 118.900 |
| Asturias | 65.900 |
| Avila | 21.300 |
| Burgos | 85.100 |
| Cataluña | 155.400 |
| Córdoba | 46.700 |
| Cuenca | 32.200 |
| Extremadura | 77.500 |
| GALICIA | 207.000 |
| Granada | 125.400 |
| Guadalajara | 21.900 |
| Guipúzcoa | 18.900 |
| Jaén | 37.400 |
| León | 43.400 |
| Madrid | 41.400 |
| Mancha | 37.200 |
| Murcia | 69.300 |
| Navarra | 40.100 |
| Palencia | 21.300 |
| Salamanca | 38.000 |
| Segovia | 30.800 |
| Sevilla | 135.000 |
| Soria | 35.800 |
| Toledo | 67.800 |
| Toro | 17.600 |
| Valencia | 149.300 |
| Valladolid | 33.900 |
| Vizcaya | 20.100 |
| Zamora | 12.900 |
| Total nº de defensores sedentarios para sostener la libertad nacional | 1.846.000 |

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

*Segunda. Que teniendo Galicia un reglamento hecho para organizacion y particular disciplina de estas fuerzas sedentarias, se recomienda como modelo de lo que convenga prescribir á las fuerzas populares de cada provincia, segun su localidad y la índole más ó menos guerrera de sus moradores.*

*Tercera. Que con la sola aprobacion unánime por V.M. de esta tercera proposicion, se tenga por declarado lo grato que será a V.M. y digno del reconocimiento nacional, el empeño de los periodistas y escritores juiciosos el ilustrar á los pueblos con desengaños y consejos sensatos sobre las calidades morales é intelectuales que deben tener los Diputados que se nombren para las Córtes próximas sucesivas, á fin de que muy lejos de intentar socavar los cimientos de lo que queda sancionado por estas Córtes Constituyentes, se presten con actividada á hacer progresar los trabajos que queden por hacer sobre Códigos, reglamentos, reformas y sistema militar, mercantil, intruccion pública, fomento pátrio y Erario nacional.*

*Cuarta. Que á los periodistas ilusos y escritores mal intencionados que perviertan la opinion pública extraviándola con sofismas de los verdaderos principios sancionados de felicidad social, se les excluya, mientras insistan en sus nocivos discursos, de toda accion activa ni pasiva en materia de elecciones populares que prescribe la Constitucion, además de las penas á que se hagan dignos por sus excesos literarios.*

*La malignidad siempre estuvo clamando y clama aún contra las extensas resoluciones de V.M., queriendo que solo se limitasen á tratar de Guerra y Hacienda, con el único objeto de arrojar cuanto antes al invasor fuera de nuestro territorio, para que los favorecidos por los errores de los tiempos pasados pudiesen seguir logrando de sus conveniencias sin sobresaltos, aunque el resto de la Nacion quedase sumergida en el caos de sus primitivas cuitas y sufrimientos. Pero V.M., que se reunió para expeñer del suelo español ambas esclavitudes, extranjera y doméstica, trató simultáneamente de su extirpacion, resolviendo lo que convenía acerca de la guerra contra la primera, y sancionando lo conducente contra la segunda.*

*Si fuesen cordiales y bien intencionados los clamores que se dirigieron desde un principio á solicitar la formacion de combatientes con exclusion de toda otra necesidad, estarían ahora satisfechos estos deseos con la propuesta que hago; mas aunque esta solicitud fué siempre sugerida por el siniestro interés particular, me parece conveniente darle una realizacion de benéfico interés general, aprobando la que proponga por las razones indicadas, lo que no dudo de V.M., porque el bien universal de la Nacion clama por la seguridad de su independencia, amenazada por dos clases de enemigos, y es forzoso dejarlos aterrados antes que V.M. se disuelva con el establecimiento eventual de una fuerza popular, y con preservativos juiciosos é ilustrados contra la errada opinion"*[118].

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

### 3. A Coruña, último trimestre de 1812.

Para enfatizar esta intervención do deputado ferrolán voume servir da prensa da época, por certo moi comprometida e pouco coñecida [119]. En Cádiz, como na Coruña, percibíase unha grande inquietude diante da reacción dalgúns sectores da poboación trala aprobación da Constitución, como xa adiantei.

Tres dos periódicos máis coñecidos entre os liberais galegos eran "*El ciudadano por la Constitución*" e "*El Exacto Correo*" que se editaban na Coruña, e, "*El Sensato*" de Santiago; os tres reproducen en outubro de 1812 unha manifestación feita á Rexencia do Reino polo díscolo bispo de Ourense, Pedro DE QUEVEDO Y QUINTANO, realista convencido que fora declarado polas Cortes indigno de ser español e estrañado do Reino. A manifestación dicía, entre outras cousas:

---

[118]. *Diario de sesións do 9 de outubro de 1812.*

[119]. *Pódese ve-la relación que figura na páxina 142 e ss. da obra citada de BARREIRO FERNÁNDEZ "Historia contemporánea ...".*

Sentire, quae velis, et quae sentire, dicere Licet.

- Tácito

> *"Soi un señor absoluto; no hai mas lei, mas Cortes ni mas nacion que mi voluntad; os digo que me faltan las fuerzas para resistir, pero que resistiré siempre que pueda: os hablo con estas reservas ó con esta claridad, porque si ahora presto juramento, cuando veais que doi pasos para trastornar la Constitucion, cuando veais que predico su inobediencia, que hago pastorales á los parrocos encargándoles que resistan, abominen de sus leyes y levanten contra ella facciones y alborotos ..."* [120].

Os liberais non deixaron de atacar ó que se convertera nun dos seus máis furiosos inimigos, era -dicían- da clase de homes que desexaban facer a Galicia outra vez presa do despotismo. "*Nada hai tan execrable como esta faccion de mogigatos que abusan de la religion para cubrir con su manto las más infames atrocidades...*". Aínda que está máis que demostrada a defensa que fixeron algúns clérigos do ideario liberal, non é menos exacto que na súa maioría foron inimigos do cambio. É por iso que os cronistas liberais denostaban ó clero en verso e máis en prosa [121]. A batalla librada pola abolición da Inquisición deixou tras de si unha fonda fracción entre uns e outros. Non podo resistirme á tentación de reproducir algúns versos que publicaba un lector do "Ciudadano":

*Del que las reformas*
*Teme con rigor*
*Por no reformarse,*
*Líbranos Señor.*
*De tanto ignorante*
*O pícaro escritor,*
*Que insulta y no razona,*
*Líbranos Señor.*
*Del que á los franceses*
*Por grado o error*
*A España da paso,*
*Líbranos Señor.*
*De aquel que pretende*
*Haya inquisidor*
*Por quemar los hombres,*
*Líbranos Señor.*
*De aquel que á la Iglesia*
*Corre con ardor*
*Por holganza ó rentas,*
*Líbranos Señor.*
*De hipócritas tantos*
*Que oyen con furor*
*Utiles verdades,*
*Líbranos Señor.*

**4. "In crescendo" o temor ó regreso da tiranía.**

Non era, pois, ALONSO LÓPEZ o único que percibía o cambio que o destino ía deparar ó noso país. O 28 de febreiro de 1813, un grupo de 330 cidadáns da Coruña, encabezados por D. LUIS LACY, Capitán Xeneral de Galicia, dirixense ó Parlamento para transmitir a súa felicitación polas medidas adoptadas con ocasión da volta do Monarca [122]. Neste documento cheo de palabras solemnes, existen algúns elementos que permiten aprecia-lo temor con que se vislumbraba o futuro naquel lonxano febreiro de 1814. Así, ó tempo que se felicitaban pola nobreza e dignidade das persoas que tiñan ó seu cargo "*los felices destinos de esta incomparable nacion*", expresan o seu "*eterno ódio á toda especie de tiranía doméstica y extranjera*" e conclúen rogando ás Cortes

[120]. *Vid. de SAURÍN DE LA IGLESIA M.R.: "El ciudadano por la Constitucion", edición facsímil dos orixinais que se encontran na Biblioteca Nacional, publicada pola Deputación da Coruña en 1997.*

[121]. *Ibidem, martes 27 de outubro de 1812.*

[122]. *A representación a que nos referimos reprodúcese literalmente na acta da sesión correspondente ó día 18 de Marzo de 1814. Vid. Actas das Sesiones da lexislatura ordinaria de 1814, op. cit., p.p. 137. Está encabezada polo Capitán Xeneral de Galicia, xa citado, e asinan na mesma personaxes tan destacados da vida coruñesa e galega como: José Mª Santocildes, Xefe Político; Luis de Bassecourt, xefe do Estado Maior; Cesáreo de Gardoqui, Intendente de Galicia; Marcial Francisco del Adalid, coñecido liberal; Pedro del Llano, idem; Pedro Pablo Tetamacy, idem; José Lucas Labrada, secretario do Consulado. Tamén o suscriben alguns significados membros do Concello da Coruña, tales como o Alcalde primeiro constitucional, Justo Bautista de Larragoiti; o Alcalde segundo constitucional, Andrés Salas y Mella; os rexedores Juan Ventura Galcerán, Pedro de Vera, Juan Nepomuceno de Ezandia, Felipe González Pola, Ignacio Peñaflor; o procurador síndico Joaquín José Bahamonde e o escribán do Concello Rafael Noguera.*

Ordinarias "*que siguiendo las huellas de las inmortales Córtes extraordinarias, haciendo frente á cuantos conspiren contra nuestra sagrada carta constitucional é intentan oponerse á las santas instituciones y sábias reformas que aquellos beneméritos y verdaderos padres de la Pátria han sancionado*" porque desexan "*gozar el aire puro de una dulce libertad ...*[124]".

Todo isto sitúanos con toda crueza nos albores do fin do constitucionalismo que chegaría, pouco despois, co regreso do "Deseado" e a súa negativa a acepta-lo realizado na súa ausencia. A súas primeiras víctimas serán os liberais, a utopía do cambio non terá, desta volta, un final feliz.

[124]. *Os parágrafos en cursiva son transcrición literal do documento citado na nota precedente, o destacado en negrita é noso. É interesante apreciar cómo estes coruñeses empregan case a mesma expresión que ALONSO LÓPEZ utilizara uns meses antes, este dicía "esclavitud doméstica" onde aqueles falan de "tiranía doméstica". Dúas formas semellantes de dicir o mesmo: temíase, non sen razón, que trala escravitude a que nos expuxera Napoleón, deviñese outra moito máis cruel por provir dos que deberían garantir a liberdade conquistada. ARTOLA GALLEGO titula un dos epígrafes dos seus "Orígenes de la España Comtemporánea" preludios de guerra civil, porque desde finais de 1813 "todo el mundo prevé la proximidad de una prueba de fuerza, y de aquí la abundancia de exhortaciones para recurrir a la violencia, exhortaciones que proceden indistintamente de uno y otro partido". Vid. de DE-CAL Y CORTINA, R. Mª G.:"Nacimiento y consolidación...", op. cit., p.p. 238 e ss.*

# X EPILOGO PARA LECTORES CURIOSOS



## X. EPÍLOGO PARA LECT0RES CURIOSOS

### 1. As penurias dun deputado.

Non podo obviar, para completar estes breves apuntamentos, un asunto que non por prosaico deixa de ter a súa importancia e sitúanos mellor que ningún outro diante da xenerosa aportación de José Alonso López á construcción dunha España constitucional. Como xa teño dito, suspenderáselle o soldo por orde da autoridade francesa e viviu esta experiencia gaditana sempre cunha decorosa falta de medios económicos.

O 13 de xuño de 1812 remite unha estremecedora carta á Xunta Galega:

> "*Mi miserable situación, aunque Diputado en estas Cortes en representación de V.E., me tiene reducido a la más estrecha pobreza por falta de dietas para subsistir, y no es posible que pueda comprar las Gazetas, partes oficiales y demás noticias impresas que se publican en esta ciudad, para poder remitirlas a V.E. ... Me es muy sensible no poder cumplir este encargo ... pero V.E. con su conocido discernimiento graduará la fuerza que tiene la necesidad del desvalido meneteroso, contra los vehementes deseos de complacer a V.E.*"[124].

Non quixera insistir neste asunto, que de por si merecería un estudio máis detallado, pero si destacalo nos seus xustos termos porque a xenerosidade e a solidez das súas conviccións quedan espidas ó comproba-la ética do seu comportamento só superada pola estética diante da morte.

### 2. A súa inxente obra escrita.

De todos é coñecido que historias de Ferrol que teñan un tratamento xeral e unitario non sobran precisamente; temos que acudir á coñecida de MONTERO ARÓSTEGUI, editada en 1858, polo estudioso oficial da Secretaría do Concello ferrolán. O propio MONTERO expón a dificultade de obte-los datos precisos pola dispersión dos mesmos e admite que "*otra persona muy ilustrada se ocupó hace años de mencionar ciertos sucesos de este pueblo*". En nota a pé de páxina aclara que ese personaxe non é outro que JOSÉ ALONSO LÓPEZ, que publicou a súa monumental obra titulada "*Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos á favor de la libertad y fomento de los pueblos y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y á su comarca*" de forma anónima. Montero arríscase a dicir que foi por "*exceso de modestia o por otras causas ...*", e engade, detrás dun asterisco, a modo de reconvención que "*todo hombre debe poner su nombre al frente de lo que escribe -Máxima de Juan Jacobo*"[125]. A verdade espida é que o noso personaxe desde 1814 era un perseguido político que escribiu a súa obra no exilio, como tantos liberais e como tantos deputados gaditanos.

